- **En pacientes inmunodeficientes**, en cadros con lesións extensas e/ou diseminadas, en tiñas das áreas pilosas e en onicomícase con extensa afección ungar, xeralmente é necesario o tratamento por vía sistémica, o mesmo que en pacientes inmunocompetentes nos cales fracasase o tratamento tópico.

	 Principio activo	 Presentación	Vía	 Observacións	Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH	 Condicións especiais de conservación e período de validez	 Consellos de administración
D01AC Derivados imidazólicos e triazólicos	BIFONAZOL	1% polvo	TÓPICA				Aplicarase unha vez ao día, preferiblemente pola noite, antes de deitarse.
	CLOTRIMAZOL	1% crema	TÓPICA			0 período de validez unha vez aberto o envase é de 3 meses	
	KETOCONAZOL	2% crema 2% xel	TÓPICA				
D01AE Outros preparados antifúnxicos para uso tópico	AMOROLFINA	5% solución	TÓPICA				Antes da primeira aplicación, deben limarse as partes enfermas da unha e despois limpar e desengraxar a superficie ungueal. A solución aplícase sobre toda a superficie da unha e déixase secar durante 3-5 min. Debe evitarse a utilización de cosméticos como esmaltes e unhas artificiais durante o tratamento. As limas empregadas nas unhas afectadas non deben utilizarse nas unhas sas.

D03 Preparados para o tratamento de feridas e úlceras

D03BA Enzimas proteolíticos	CLOSTRIDIOPEPTIDASE/PROTEASE	1,2/0,24 UI por g pomada	TÓPICA				Antes de cada aplicación deberá limparse a lesión suavemente cunha gasa impregnada en SF ou outra solución limpadora compatible coa pomada para quitar o tecido necrosado.
---------------------------------------	-------------------------------------	--------------------------	--------	--	--	--	--

Dermatolóxicos



Principio activo



Presentación



Vía Observacións

Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH




Condicions especiais de conservación e período de validez



Consellos de administración

D05 Antipsoriásicos

D05AX Outros antipsoriásicos para uso tópico	CALCIPOTRIOL	0,005% crema	TÓPICA	Por risco de hipercalcemia, a dose máxima semanal non debe exceder os 100 g (equivalente a 5 mg de calcipotriol).		O período de validez unha vez aberto o envase é de 6 meses	Recoméndase realizar a aplicación asegurando unha permanencia prolongada do preparado sobre as áreas afectadas.
	CALCIPOTRIOL/ BETAMETASONA	50 mcg/0,5 mg por g xel	TÓPICA	Por risco de hipercalcemia, a dose máxima diaria non debe exceder os 15 g. A área de superficie corporal tratada non debe ser superior a un 30%.		 Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz O período de validez unha vez aberto o envase é de 3 meses	Aplicar unha capa delgada e fregar suavemente. Debe permanecer na pel durante a noite ou durante o día.

D06 Antibióticos e quimioterápicos para uso dermatolóxico

D06AX Outros antibióticos para uso tópico	ÁCIDO FUSÍDICO	2% crema	TÓPICA				
	MUPIROCINA	2% pomada	NASAL				
2% pomada		TÓPICA	Axuste posolóxico cando a lesión tratada poida dar lugar a unha maior absorción de polietilenglicol (excipiente) e existan probas de que o paciente ten unha insuficiencia renal moderada ou grave.				
D06BA Sulfonamidas	SULFADIAZINA ARXÉNTICA	1% crema	TÓPICA	En pacientes con insuficiencia renal e/ou hepática é recomendable evitar a aplicación en lesións de gran superficie e abertas, sobre todo úlceras. Precaución: en caso de leucopenia e en pacientes con deficiencia de glicosa-6-fosfato deshidroxenase.		 Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz	

Dermatolóxicos



Principio activo

Presentación

Vía Observacións

Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH

Condições especiais de conservación e período de validez

Consellos de administración

D06BB

Antivirais

IMIQUIMOD**50 mg/g** crema (sobres)

TÓPICA

Evitar o contacto con ollos, labios e fosas nasais. A superficie de pel tratada débese protexer da exposición solar.

En caso de queratose actínica, a crema débese aplicar 3 veces por semana.

Antes de aplicar a crema, lavar a zona que se vai tratar con xabón suave e auga e secar meticulosamente. Aplicar a cantidade suficiente para cubrir toda a zona de tratamento e estender ata que se absorba. A crema débese aplicar ao deitarse e debe permanecer na pel durante aproximadamente 8 h. Evitar a ducha ou o baño durante ese período. Despois deste prazo, é indispensable eliminar a crema con xabón suave e auga. Os sobres non se deben volver utilizar unha vez abertos. Lavar as mans coidadosamente antes e despois da aplicación.

D06BX

Outros quimioterápicos

METRONIDAZOL**0,75%** xel

TÓPICA



D07 Preparados dermatolóxicos con corticosteroides

A elección dun tratamento tóxico con corticosteroides depende de **tres elementos**:

Principio activo	A acción farmacolóxica de todos os corticosteroides tópicos é idéntica e as súas aplicacións clínicas son as mesmas. A diferenza establécese na potencia do preparado, que depende dos seguintes factores: características da molécula, concentración do principio activo e vehículo utilizado.			
	Características da molécula	A dobre esterificación e a inserción dun halóxeno atópanse entre os factores que lle confiren maior potencia ao preparado, sendo os fluorados máis potentes e atrofoxénicos que os haloxenados non fluorados.		
Concentración dentro do mesmo principio activo	Clasificación dos corticosteroides tópicos segundo a súa potencia			
	Potencia BAIXA (Grupo I)	Potencia INTERMEDIA (Grupo II)	Potencia ALTA (Grupo III)	Potencia MOI ALTA (Grupo IV)
	HIDROCORTISONA ACETATO 0,5 %, 1 % e 2,5 %	CLOBETASONA BUTIRATO 0,05 % HIDROCORTISONA BUTIRATO 0,1 %	BECLOMETASONA DIPROPIONATO 0,025 % BETAMETASONA 0,05 % e 0,1 % BETAMETASONA 0,05 %/FLUOCINOLONA 0,01 % DIFLORASONA 0,05 % DIFLUCORTOLONA 0,1 % FLUOCINOLONA 0,01 %, 0,025 % e 0,2 % FLUOCINONIDA 0,05 % FLUOCORTOLONA 0,2 % FLUTICASONA 0,05 % HIDROCORTISONA ACEPONATO 0,127 % METILPREDNISOLONA ACEPONATO 0,1 % MOMETASONA 0,1 % PREDNICARBATO 0,25 %	CLOBETASOL PROPIONATO 0,05 %
	Resáltanse en letra negra os corticosteroides tópicos incluídos nesta guía.			
	Débese seleccionar o preparado de menor potencia que proporcione unha resposta axeitada segundo a gravidade da enfermidade e a súa localización. Os preparados de maior potencia presentan maior risco de aparición de efectos secundarios (atrofia dérmica, estrías, hipertricose).			
O vehículo do preparado (fórmula galénica)	<ul style="list-style-type: none"> → Lesións secas e escamosas: fórmulas graxas (ungüentos e pomadas). → Lesións húmidas ou en áreas intertrixinosas (axilas, inguas, pé): fórmulas acuosas (cremas e locións). → Áreas pilosas: xeles, solucións en aerosol, locións, emulsións e escumas. <p>En canto ao excipiente que forma parte da composición do preparado, canto máis graxo maior é a cesión do principio activo á pel. Polo tanto, para un mesmo principio activo e concentración, a actividade é decrecente nesta orde: unguento > pomada > xel > crema > loción.</p>			



Dermatolóxicos

Lugar de aplicación

As rexións anatómicas, ordenadas de maior a menor grao de absorción, son: mucosas > escroto > pálpebras > cara > peito e lombo > brazos e coxas > antebrazos e pernas > dorso de mans e pés > palmas e plantas > uñas.






Zona anatómica	Potencia
Mucosas, xenitais, pálpebras, cara e zona interna das coxas	Baixa ou intermedia, ou potencia alta durante períodos breves de tempo
Pregaduras, áreas de flexión, zona interna de brazos e coiro cabeludo	Baixa-alta. Reducir a potencia tan axiña como sexa posible
Peito e lombo, brazos e coxas, pernas, dorsos de mans e pés	Intermedia-alta ou moi alta durante períodos curtos de tempo
Cóbdos e xeonllos, palmas e plantas, uñas	Alta-moi alta. Atención aos posibles efectos secundarios

Técnica de aplicación

- **Hidratación cutánea:** a hidratación previa á aplicación tópica dun corticosteroide aumenta ata 10 veces a súa penetración. Esta hidratación pódese conseguir aplicando o preparado inmediatamente despois do baño ou da ducha. Os excipientes graxos e a urea tamén favorecen a hidratación.
- **Oclusión:** favorece a penetración e incrementa a eficacia do corticosteroide, ao aumentar a temperatura e manter a hidratación da pel. A aplicación de vendaxes oclusivas eleva ata un 10% a absorción dos corticosteroides tópicos. Non obstante, tamén potencia os efectos adversos ao incrementar a absorción sistémica. O tempo de oclusión non debe exceder as 12 h. A oclusión está contraindicada en: zonas infectadas, zonas intertrixinosas, cara, zonas con foliculite, áreas extensas da pel, uso de corticosteroides potentes e antecedentes de efectos adversos por terapia corticoidea.
- En xeral, 1-2 aplicacións ao día, en capa fina, efectuando unha lixeira masaxe, é suficiente para a maioría dos corticoides. Unha maior frecuencia de aplicación case nunca se traduce nunha maior eficacia.
- En canto á duración do tratamento, os de potencia moi alta non deben superar máis de 3-4 semanas, agás para lesións crónicas e localizadas. Os de alta potencia pódense aplicar, en xeral, durante 2-3 meses ininterrompidamente sen que produzan efectos secundarios agás na cara ou nas pregaduras, onde non deberían exceder as 2-3 semanas.

Dermatolóxicos



	 Principio activo	 Presentación	Vía	 Observacións	Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH	 Condicións especiais de conservación e período de validez	 Consellos de administración
D07AA Corticosteroides de baixa potencia (grupo I)	HIDROCORTISONA ACETATO	1% loción	TÓPICA				
		1% pomada	TÓPICA			0 período de validez unha vez aberto o envase é de 3 meses	
D07AB Corticosteroides moderadamente potentes (grupo II)	CLOBETASONA BUTIRATO	0,05% crema	TÓPICA				
D07AC Corticosteroides potentes (grupo III)	BECLOMETASONA DIPROPIONATO	0,025% crema 0,025% emulsión	TÓPICA				
	HIDROCORTISONA ACEPONATO	0,127% crema 0,127% pomada	TÓPICA				
D07AD Corticosteroides moi potentes (grupo IV)	CLOBETASOL PROPIONATO	0,05% crema 0,05% solución	TÓPICA				
D07XC Corticosteroides potentes, outras combinacións	BETAMETASONA DIPROPIONATO/ ÁCIDO SALICÍLICO	0,5/20 mg por g solución	TÓPICA	Os pacientes xeriátricos teñen máis probabilidade de problemas de circulación nos vasos sanguíneos polo que deben ter precaución co uso do ácido salicílico.			

Sistema xenitourinario e hormonas sexuais

No paciente ancián é frecuente a presenza de **infeccións urinarias na muller** e a aparición de **cambios prostáticos no home**, así como a presenza de **enfermidade renal crónica e trastornos hidroelectrolíticos**.



Principio activo



Presentación



Vía Observacións

Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH



Condicions especiais de conservación e período de validez



Consellos de administración

G01 Antiinfecciosos e antisépticos xinecolóxicos

G01AF	cloTRIMazol	500 mg comprimidos vexinais 2% crema vexinal	VAXINAL			
Derivados imidazólicos						
	metroNIDAZOL	500 mg comprimidos vexinais	VAXINAL			

G04 Produtos de uso urolóxico

G04BC	POTASIO CITRATO	1.080 mg comprimidos liberación prolongada	ORAL			Administrar despois das comidas. Tomar o comprimido enteiro, sen mastigar. Administración por sonda: Non.
Solventes de concrecións urinarias						



Sistema xenitourinario e hormonas sexuais

G04BD

Antiespasmódicos urinarios

A incontinencia urinaria é o trastorno máis común do tracto urinario inferior en maiores de 65 anos, cunha prevalencia de ata o 40-50% en anciáns institucionalizados. Esta patoloxía supón unha perda involuntaria de ouriños, acompañada ou non de sensación de micción. Afecta a ambos os dous sexos e é unha causa de incapacidade física e, en moitas ocasións, é motivo de discapacidade psíquica e social.

Os tipos de incontinencia urinaria son:

- Incontinencia de esforzo.
- Incontinencia de urxencia.
- Incontinencia mixta.
- Incontinencia por rebordo.

A máis frecuente nos anciáns é a incontinencia de urxencia.

O tratamento non farmacolóxico débese ofrecer como primeira opción terapéutica. Recoméndase a terapia condutual ou adestramento vesical, que consiste en ensinarlle ao paciente a ouriñar en períodos fixos, prolongando o intervalo entre as miccións cada certo número de días e, ao mesmo tempo, realizar exercicios musculares de fortalecemento do solo pelviano.











Os antiespasmódicos urinarios constitúen o tratamento farmacolóxico de elección. O emprego deste grupo de medicamentos no ancián debe ser especialmente monitorizado dada a maior sensibilidade destes pacientes aos efectos adversos anticolinérxicos. Recoméndase comezar o tratamento con doses de inicio baixas e ilo axustando segundo as necesidades ata alcanzar unha eficacia óptima co menor número de efectos adversos. A súa acción pode tardar en manifestarse ata 12 semanas, aínda que nalgúns ocasións pode observarse ao cabo dunha semana de iniciado o tratamento; polo tanto, é recomendable non avaliar a resposta ata pasadas 4 semanas.

De acordo cos criterios STOPP, a utilización de medicamentos anticolinérxicos en pacientes con demencia ou deterioración cognitiva crónica aumenta o risco de confusión e/ou axitación, en pacientes con glaucoma de ángulo estreito incrementan o risco de exacerbación do glaucoma, e en presenza de prostatismo crónico potencian o risco de retención urinaria.

É importante coñecer qué outros medicamentos toma o paciente (algúns precipitan a incontinencia urinaria) e considerar que as barreiras e/ou restricións físicas provocan incontinencia de tipo funcional.

Sistema xenitourinario e hormonas sexuais



	 Principio activo	 Presentación	Vía	 Observacións	Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH	 Condicións especiais de conservación e período de validez	 Consellos de administración																
G04BD Antiespasmódicos urinarios	MIRABEGRÓN	50 mg comprimidos liberación prolongada	ORAL	Alternativa cando os fármacos antimuscarínicos están contraindicados, son clinicamente ineficaces ou teñen efectos secundarios inaceptables. Contraindicado en hipertensión arterial grave non controlada. Pode aumentar a presión arterial. Débese medir a presión arterial ao comezo e periodicamente durante o tratamento, especialmente en pacientes hipertensos.			Tomar o comprimido enteiro, sen mastigar. Administrar con ou sen alimentos. Administración por sonda: Non.																
	TOLTERODINA	4 mg cápsulas liberación prolongada		ORAL	 Alternativa eficiente			Administrar a calquera hora con ou sen alimentos. Tomar a cápsula enteira, sen mastigar. Administración por sonda: Non, substituír pola forma convencional axustando a posoloxía.															
		2 mg comprimidos		ORAL	 Alternativa eficiente			Administrar a calquera hora con alimentos. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 10 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.															
<table border="1"> <thead> <tr> <th>Tolterodina</th> <th>Oxibutinina oral</th> <th>Oxibutinina transdérmica</th> <th>Trospio</th> <th>Fesoterodina</th> <th>Solifenacina</th> <th>Desfesoterodina</th> <th>Propiverina</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>4 mg /24 h</td> <td>15 mg/24 h</td> <td>1 parche/3-4 días</td> <td>40 mg/24 h</td> <td>4-8 mg/24 h</td> <td>5-10 mg/24 h</td> <td>3,5-7 mg/24 h</td> <td>30 mg/24 h</td> </tr> </tbody> </table>								Tolterodina	Oxibutinina oral	Oxibutinina transdérmica	Trospio	Fesoterodina	Solifenacina	Desfesoterodina	Propiverina	4 mg /24 h	15 mg/24 h	1 parche/3-4 días	40 mg/24 h	4-8 mg/24 h	5-10 mg/24 h	3,5-7 mg/24 h	30 mg/24 h
Tolterodina	Oxibutinina oral	Oxibutinina transdérmica	Trospio	Fesoterodina	Solifenacina	Desfesoterodina	Propiverina																
4 mg /24 h	15 mg/24 h	1 parche/3-4 días	40 mg/24 h	4-8 mg/24 h	5-10 mg/24 h	3,5-7 mg/24 h	30 mg/24 h																

Equivalentes terapéuticos





Sistema xenitourinario e hormonas sexuais

G04C

Fármacos usados na hipertrofia prostática benigna

O tratamento non farmacolóxico é de elección en pacientes con hipertrofia benigna de próstata (HBP) con poucos síntomas ou con síntomas leves de prostatismo, sometendo o paciente a revisións anuais. Recoméndase reducir a inxestión de café, alcohol e picantes, diminuír a inxestión nocturna de líquidos, reducir as comidas copiosas e realizar exercicio físico adaptado, evitando o estrinximento e tratando as hemorroides.









O tratamento cirúrxico é de elección só en pacientes con HBP avanzada e con síntomas severos ou en presenza de complicacións como insuficiencia renal, litíase vesical, retención urinaria refractaria, infección e/ou hematuria recorrente.

A HBP só require tratamento farmacolóxico cando o paciente presenta molestias significativas que afectan á súa calidade de vida. **Antes de iniciar o tratamento, cómpre descartar a presenza de cancro de próstata.**

- ⇒ De acordo cos criterios STOPP, débense evitar os bloqueantes alfa-1 adrenérxicos selectivos en pacientes con hipotensión ortostática sintomática ou síncope miccional por risco de recorrencia da síncope.
- ⇒ De acordo cos criterios START, recoméndase engadir bloqueantes alfa-1-adrenérxicos para o prostatismo sintomático cando non se considera necesaria a prostatectomía. De elección serán tamsulosina ou terazosina nos pacientes en que predominen os síntomas irritativos (polaquiuria, nicturia, disuria, sensación de baleirado incompleto, urxencia miccional) con intensidade de moderados a graves. O tratamento débese avaliar en 4-6 semanas.
- ⇒ Se manteñen síntomas irritativos ou de enchedura a pesar do tratamento con alfa bloqueante, poderíase considerar engadir un anticolinérxico, sempre tras valorar o risco de retención urinaria.
- ⇒ De acordo cos criterios START, recoméndase engadir inhibidores da 5-alfa redutase para o prostatismo sintomático cando non se considera necesaria a prostatectomía. De elección será finasterida cando predominen síntomas obstructivos (atraso no comezo da micción, diminución do calibre e a forza do chorro miccional con prolongación do tempo de baleirado vesical, interrupción ou intermitencia do chorro, goteo posmiccional e retención urinaria) e próstata > 30 g ou PSA \geq 1,5 e risco de progresión. O tratamento débese avaliar en 3-6 meses.

Sistema xenitourinario e hormonas sexuais



	 Principio activo	 Presentación	Vía  Observacións	Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH	 Condicións especiais de conservación e período de validez	 Consellos de administración								
G04CA Antagonistas dos receptores alfa adrenérxicos	TAMSULOSINA	0,4 mg comprimidos liberación prolongada	ORAL			Administrar a calquera hora. Tomar el comprimido, sen mastigar. Administración por sonda: Non, substituír por Terazosina solución oral axustando a posoloxía.								
	TERAZOSINA	1 mg/mL solución oral	ORAL	Alternativa a tamsulosina para administración por sonda nasogástrica. Precaución en pacientes de idade avanzada cando se administra a primeira dose, cando se aumenta a dose, ou cando se reinicia a dose despois da interrupción do tratamento, debido ao risco de hipotensión postural.		Administrar ao deitarse. Administración por sonda: Si, diluír en auga e administrar inmediatamente. Compatibilidade NE: Si.								
Equivalentes terapéuticos	<table border="1"> <thead> <tr> <th>Tamsulosina</th> <th>Terazosina</th> <th>Alfuzosina</th> <th>Silodosina</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>0,4 mg/24 h</td> <td>5mg/24 h</td> <td>7,5 mg/24 h 10 mg/24 h (forma <i>retard</i>)</td> <td>4 mg/24 h 8 mg/24 h</td> </tr> </tbody> </table>						Tamsulosina	Terazosina	Alfuzosina	Silodosina	0,4 mg/24 h	5mg/24 h	7,5 mg/24 h 10 mg/24 h (forma <i>retard</i>)	4 mg/24 h 8 mg/24 h
	Tamsulosina	Terazosina	Alfuzosina	Silodosina										
0,4 mg/24 h	5mg/24 h	7,5 mg/24 h 10 mg/24 h (forma <i>retard</i>)	4 mg/24 h 8 mg/24 h											
G04CB Inhibidores da testosterona 5-alfa redutase	FINASTERIDA	5 mg comprimidos	ORAL 			Administrar a calquera hora, con ou sen alimentos. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispear en 10 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.  CONSULTAR RECOMENDACIÓNS DE MANIPULACIÓN DA ÁREA SANITARIA								
	<table border="1"> <thead> <tr> <th>Finasterida</th> <th>Dutasterida</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>5 mg/24 h</td> <td>0,5 mg/24 h</td> </tr> </tbody> </table>						Finasterida	Dutasterida	5 mg/24 h	0,5 mg/24 h				
Finasterida	Dutasterida													
5 mg/24 h	0,5 mg/24 h													



H02

Corticosteroides para uso sistémico

Os corticoides son medicamentos cunha ampla variedade de indicacións. O tratamento, especialmente vía sistémica, só debería iniciarse cando o perfil beneficio/risco resulta favorable, xa que presentan un elevado risco de aparición de efectos adversos que poden chegar a ser graves, así como numerosas interaccións con outros medicamentos.

O manexo axeitado e a selección dos distintos corticoides require coñecer varios aspectos, como son a súa potencia relativa e a duración da acción (curta, intermedia ou longa), os seus efectos glicocorticoide e mineralcorticoide ou o tempo de tratamento previsto (agudo ou crónico).

Principio activo	Dose equivalente (mg)	Potencia glicocorticoide*	Potencia mineralocorticoide*	Vida media biolóxica (h)	Dose/día a partir da cal se pode suprimir o eixe HHA (mg)	Vías de administración
ACCIÓN CURTA						
Hidrocortisona	20	1	1	8-12	20-32	ORAL, IM, IV
ACCIÓN INTERMEDIA						
Deflazacort	6-7,5	4	0,5	18-36	9	ORAL
Prednisolona	5	4	0,8	18-36	7,5	ORAL
Prednisona	5	4	0,8	18-36	7,5	ORAL
Metilprednisolona	4	5	0,5	18-36	6	ORAL, IM, IV
Triamcinolona	4	5	0	18-36	6	ORAL, IM, TÓPICO
Fludrocortisona	2	15	125	18-36	2,5	ORAL
ACCIÓN PROLONGADA						
Dexametasona	0,75	25	0	36-54	1	ORAL, IM, IV
Betametasona	0,6-0,75	25-30	0	36-54	1	IM, TÓPICA

(*) Potencia relativa á hidrocortisona

Na táboa atópanse resaltados os corticoides sistémicos incluídos nesta guía



Preparados hormonais sistémicos, excluindo hormonas sexuais e insulinas

Na **corticoterapia substitutiva** adoitan empregarse a hidrocortisona e a fludrocortisona en insuficiencias endócrinas, como substitutos do cortisol e da aldosterona, respectivamente.

Na **corticoterapia con actividade antiinflamatoria e inmunosupresora**:

- Prefírese o emprego de corticoides de vida media intermedia porque suprimen menos o eixe hipotálamo-hipofisario-adrenal (HHA) e son menos tóxicos.
- A prednisona é o medicamento con máis experiencia dentro do grupo. O deflazacort pode ser unha alternativa á prednisona en pacientes con diabetes mellitus e con osteoporose, por presentar menos efectos secundarios, aínda que a evidencia neste sentido non é concluínte.
- En terapia antiinflamatoria crónica sempre se debe intentar pasar á dose única matinal diaria canto antes e, se é posible, á terapia en días alternos.

Sempre se debe respectar o principio de emprego da **mínima dose necesaria durante o menor tempo posible**. Durante o tratamento, débese avaliar frecuentemente a súa eficacia, realizando os axustes de dose necesarios e suspendéndoo se non se alcanza o obxectivo terapéutico ou se aparecen efectos adversos indesexables.

Entre os efectos secundarios derivados do tratamento con corticoides atópase o efecto directo que exercen sobre a supresión do funcionamento fisiolóxico do eixe hipofisario-suprarrenal, a indución dunha síndrome de Cushing cando se administran a doses suprafisiolóxicas e a aparición durante o curso do tratamento ou a exacerbación de determinadas situacións clínicas como inmunosupresión, infeccións, osteoporose, esofaxite, úlcera gastroduodenal, hipertensión arterial, enfermidade cardiovascular ou trastornos psiquiátricos. **A avaliación previa destas situacións clínicas** podería contraindicar o inicio do tratamento con corticoides ou ben facilitar establecer as medidas profilácticas necesarias.

Para evitar a síndrome de retirada de corticoides (insuficiencia suprarrenal, reactivación da enfermidade de base, artromialxias, rinite, conxuntivite, perda de peso, nódulos dolorosos), débese diminuír a dose progresivamente se o tratamento é prolongado (o eixe HHA suprímese a partir da segunda semana de tratamento con doses intermedias).

De acordo cos criterios START

Recoméndase iniciar tratamento con bifosfonatos, vitamina D e calcio en pacientes que reciben corticosteroides orais a longo prazo.


















De acordo cos criterios STOPP

Débese suspender o tratamento por risco de efectos secundarios dos corticosteroides nas seguintes situacións:

- Corticosteroides sistémicos en lugar de corticosteroides inhalados para o tratamento de mantemento da EPOC moderada-grave.
- Corticosteroides a longo prazo (máis de tres meses) como monoterapia para a artrite reumatoide.
- Corticosteroides (salvo inxeccións intraarticulares periódicas para a dor monoarticular) para a artrose.

Preparados hormonais sistémicos, excluindo hormonas sexuais e insulinas



	 Principio activo	 Presentación	Vía	 Observacións	Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH	 Condicións especiais de conservación e período de validez	 Consellos de administración
H02AA Mineralocorticoides	FLUDROCORTISONA	0,1 mg comprimidos	ORAL	 MARC (corticosteroides a longo prazo, máis de 3 meses).		 Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz	Administrar despois das comidas. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 10 mL de auga. Compatibilidade NE: Si, administrar coa NE.
H02AB Glicocorticoides	DEFLAZACORT	6 mg comprimidos 30 mg comprimidos	ORAL	 MARC (corticosteroides a longo prazo, máis de 3 meses).			Administrar xunto coas comidas. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 15 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.
		22,75 mg/mL gotas orais	ORAL	 MARC (corticosteroides a longo prazo, máis de 3 meses).		0 período de validez unha vez aberto o envase é de 3 meses	Axitar antes de usar. Administración por sonda: Si, de elección. Diluír en auga e administrar inmediatamente. Compatibilidade NE: Si, administrar coa NE.
	DEXAMETASONA	1 mg comprimidos 4 mg comprimidos 8 mg comprimidos	ORAL	 MARC (corticosteroides a longo prazo, máis de 3 meses).			Administrar durante ou despois das comidas. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 20 mL de auga. Compatibilidade NE: Si, administrar coa NE.
	HIDROCORTISONA	20 mg comprimidos	ORAL	 MARC (corticosteroides a longo prazo, máis de 3 meses).		 Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz	Tomar o comprimido enteiro, sen mastigar Administrar coas comidas para mellorar a tolerancia gastrointestinal. A rañura serve unicamente para fraccionar e facilitar a deglución, pero non para dividir en doses iguais. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 10 mL de auga. Compatibilidade NE: Si, administrar coa NE.
	metilPREDNISolona	20 mg ampolas 40 mg ampolas	IM/IV	 MARC (corticosteroides a longo prazo, máis de 3 meses).		 Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz Unha vez reconstituído debe administrarse inmediatamente	Disolver o contido da ampola de liofilizado na auga para preparacións inxectables contida na ampola de disolvente. Vía IV: Administrar lentamente (cada ampola en 1 ou 2 min). Perfusión IV: Mesturar con SG5% ou SSF.
	predniSONA	2,5 mg comprimidos 5 mg comprimidos 10 mg comprimidos 30 mg comprimidos 50 mg comprimidos	ORAL	 MARC (corticosteroides a longo prazo, máis de 3 meses).			Administrar xunto coas comidas. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 10 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.


Preparados hormonais sistémicos, excluindo hormonas sexuais e insulinas


 Principio activo


 Presentación


 Vía Observacións

Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH




 Condições especiais de conservación e período de validez


 Consellos de administración

H03 Terapia tiroidea

H03AA Hormonas tiroideas	LEVOTIROXINA	25 mcg comprimidos 50 mcg comprimidos 75 mcg comprimidos 88 mcg comprimidos 100 mcg comprimidos 112 mcg comprimidos 137 mcg comprimidos	ORAL	Medicamento de estreita marxe terapéutica, recoméndase monitorización de TSH. A dosificación en anciáns debe facerse con precaución. Empezar con 12,5 mcg ao día e aumentar a razón de 12,5 mcg cada 2 semanas ata alcanzar o eutiroidismo. Precaución: en cardiopatías, contraindicado en IAM.	 Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz	Administrar nunha única toma, 30 min antes do almorzo. Administración por sonda: Si, diluír con 10 mL de auga. Compatibilidade NE: Non, administrar 1h antes ou 2 h despois da NE.				
H03BB Derivados imidazólicos que conteñen xofre	meTIMAZol	5 mg comprimidos	ORAL		 Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz	Administrar coas comidas. Administración por sonda: Si, diluír con 20 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.  MP CONSULTAR RECOMENDACIÓNS DE MANIPULACIÓN DA ÁREA SANITARIA				
 Equivalentes terapéuticos	<table border="1" style="width: 100%;"> <tr> <td style="background-color: #e91e63; color: white; text-align: center;">Metimazol</td> <td style="background-color: #ffc107; color: white; text-align: center;">Carbimazol</td> </tr> <tr> <td style="text-align: center;">5 mg</td> <td style="text-align: center;">5 mg</td> </tr> </table>		Metimazol	Carbimazol	5 mg	5 mg				
Metimazol	Carbimazol									
5 mg	5 mg									

H04 Hormonas pancreáticas

H04AA Hormonas glicoxenolíticas	GLICAGÓN	1 mg vial + xiringa 1 mL	IM/SC		 Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz  Conservar en neveira (2 °C - 8 °C) Non conxelar Unha vez reconstituído debe administrarse inmediatamente	Disolver o po co disolvente que o acompaña.
---	-----------------	---------------------------------	--------------	--	---	---

Antiinfecciosos para uso sistémico

As infeccións no paciente maior presentan unha menor expresividade clínica e adoitan desenvolverse de forma atípica, cunha sintomatoloxía máis larvada que nos pacientes novos. A febre, síntoma clasicamente asociado á infección, **pode non existir ou apenas percibirse no ancián**. Outros síntomas para un correcto diagnóstico poden non presentarse, facelo de forma atípica (dor, expectoración, disuria) ou ser relacionados, de forma equivocada, co propio proceso de envellecemento: anorexia, trastornos da marcha, caídas, cadros confusionais, deterioración cognitiva, náuseas e vómitos.

Malia que os xermes causantes dos procesos infecciosos no ancián son similares aos observados noutras idades, nestes pacientes non é raro que exista unha maior incidencia de infeccións producidas por xermes máis virulentos, como os bacilos gramnegativos e os anaerobios, en especial nos pacientes institucionalizados e en relación co tratamento das infeccións no ancián.

Por outro lado, convén recordar que os cambios fisiolóxicos asociados ao envellecemento afectan á farmacocinética (en especial os derivados da deterioración da función renal) e causan polifarmacia, poden obrigar a modificar a dosificación dos medicamentos e incrementar o risco de aparición de reaccións medicamentosas adversas.



Principio activo



Presentación



Vía Observacións

Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH



Condicions especiais de conservación e período de validez



Consellos de administración

J01 Antibacterianos para uso sistémico

J01CA

Penicilinas con espectro ampliado

AMOXICILINA

500 mg comprimidos

ORAL



Administrar con ou sen alimentos. Administrar coas comidas para mellorar a tolerancia gastrointestinal.
Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 10 mL de auga.
Compatibilidade NE: Si.

500 mg sobres

ORAL



Administrar con ou sen alimentos. Administrar coas comidas para mellorar a tolerancia gastrointestinal.
Administración por sonda: Si, disolver en 50 mL de auga.
Compatibilidade NE: Si.

Equivalentes terapéuticos

Amoxicilina

Ampicilina

500 mg/8 h

500 mg/6 h

J01CF

Penicilinas resistentes á betalactamase

CLOXACILINA

500 mg cápsulas













ORAL



Administrar 60 min antes das comidas.
Administración por sonda: Si, abrir e dispersar en 10 mL de auga.
Compatibilidade NE: Non, administrar 1h antes ou 2 h despois da NE.

Antiinfeciosos para uso sistémico



	 Principio activo	 Presentación	Vía	 Observacións	Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH	 Condicións especiais de conservación e período de validez	 Consellos de administración
J01CR Combinacións de penicilinas, incluíndo inhibidores da betalactamase	AMOXICILINA/ÁCIDO CLAVULÁNICO 	500/125 mg comprimidos 875/125 mg comprimidos	ORAL				Administrar con ou sen alimentos. Administrar coas comidas para mellorar a tolerancia gastrointestinal. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 20 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.
		500/125 mg sobres 875/125 mg sobres	ORAL				Administrar con ou sen alimentos. Administrar coas comidas para mellorar a tolerancia gastrointestinal. Administración por sonda: Si, disolver en 20 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.
J01DC Cefalosporinas de segunda xeración	CEFUROXIMA	250 mg comprimidos 500 mg comprimidos	ORAL				Administrar con ou sen alimentos. Con alimentos aumenta a biodisponibilidade e mellora a tolerancia gastrointestinal. Administración por sonda: Si, dispersar en 20 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.
		500 mg sobres	ORAL				Administrar con ou sen alimentos. Con alimentos aumenta a biodisponibilidade e mellora a tolerancia gastrointestinal. Administración por sonda: Si, disolver en 50 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.
J01DD Cefalosporinas de terceira xeración	CEFDITORENO	200 mg comprimidos 400 mg comprimidos	ORAL				Administrar con alimentos. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 20 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.
		400 mg cápsulas	ORAL				Administrar con ou sen alimentos. Administrar coas comidas para mellorar a tolerancia gastrointestinal. Administración por sonda: Si, abrir e dispersar en 20 mL de auga. Compatibilidade NE: Non, administrar 1h antes ou 2 h despois da NE.

Antiinfeciosos para uso sistémico



	 Principio activo	 Presentación	Vía	 Observacións	Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH	 Condicións especiais de conservación e período de validez	 Consellos de administración
J01EE Combinacións de sulfonamidas e trimetoprima, incluíndo derivados	SULFAMETOXAZOL/ TRIMETOPRIM	800/160 mg comprimidos	ORAL				Administrar con ou sen alimentos. Mellor administralo coas comidas para evitar molestias gastrointestinais. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 20 mL de auga. De elección en sonda nasoxe-nal e xexunostomia percutánea endoscópica. Compatibilidade NE: Non, administrar 1 h antes ou 2 h despois da NE.
		200/40 mg por 5 mL suspensión oral	ORAL			0 período de validez unha vez aberto o envase é de 1 mes	Administrar con ou sen alimentos. Mellor administralo coas comidas para evitar molestias gastrointestinais. Axitar antes de usar. Administración por sonda: Si, diluír en 50 mL de auga. Compatibilidade NE: Non, administrar 1 h antes ou 2 h despois da NE.
J01FA Macrólidos	AZITROMICINA	500 mg comprimidos	ORAL				Administrar con ou sen alimentos. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 20 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.
		200 mg/5 mL suspensión oral	ORAL			0 período de validez unha vez aberto o envase é de 1 mes	Administrar con ou sen alimentos. Axitar antes de usar. Administración por sonda: Si, de elección. Diluír en 20 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.
	CLARITROMICINA	500 mg comprimidos	ORAL				Administrar con ou sen alimentos. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 20 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.
		250 mg/5 mL suspensión oral	ORAL			0 período de validez unha vez aberto o envase é de 1 mes	Administrar con ou sen alimentos. Axitar antes de usar. Administración por sonda: Si, de elección. Diluír en 50 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.
J01FF Lincosamidas	CLINDAMICINA	300 mg cápsulas	ORAL				Administrar con ou sen alimentos. Adminis-trar coas comidas para mellorar a tolerancia gastrointestinal. Administración por sonda: Si, abrir e dispersar en 10 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.

Antiinfecciosos para uso sistémico




	Principio activo	Presentación	Vía	Observacións	Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH	Condicions especiais de conservación e período de validez	Consellos de administración							
J01MA Fluoroquinolonas 	CIPROFLOXACINO	500 mg comprimidos 750 mg comprimidos	ORAL				Administrar preferiblemente antes das comidas. A administración con leite ou iogur diminúe a súa absorción e débese separar polo menos 2 h da administración de antiácidos. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 20 mL de auga. Compatibilidade NE: Non, administrar 1 h antes ou 2 h despois da NE.							
		500 mg/5 mL suspensión oral		ORAL		0 período de validez unha vez aberto o envase é de 1 mes	Administrar preferiblemente antes das comidas. A administración con leite ou iogur diminúe a súa absorción e débese separar polo menos 2 h da administración de antiácidos. Axitar antes de usar. Administración por sonda: Si, de elección. Diluír en 20 mL de auga. Compatibilidade NE: Non, administrar 1 h antes ou 2 h despois da NE.							
	levoFLOxacino	500 mg comprimidos	ORAL			Administrar con ou sen alimentos. Débese separar polo menos 2 h da administración de sales de ferro, sales de zinc, antiácidos e sucralfato. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 20 mL de auga. Compatibilidade NE: Non, administrar 1 h antes ou 2 h despois da NE.								
	NORFLOXACINO	400 mg comprimidos	ORAL			Administrar 60 min antes das comidas. A administración con leite ou iogur diminúe a súa absorción. Dentro das 2 h despois da administración de norfloxacinon non se deben tomar preparados multivitamínicos, outros produtos que conteñan ferro ou zinc e antiácidos. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 20 mL de auga. Compatibilidade NE: Non, administrar 1 h antes ou 2 h despois da NE.								
	<table border="1"> <tr> <td>Levofloxacinon</td> <td>Moxifloxacinon</td> </tr> <tr> <td>500 mg/24 h</td> <td>400 mg/24 h</td> </tr> </table>	Levofloxacinon	Moxifloxacinon	500 mg/24 h	400 mg/24 h	<table border="1"> <tr> <td>Ciprofloxacinon</td> <td>Ofloxacinon</td> </tr> <tr> <td>250 mg/12 h</td> <td>200 mg/12 h</td> </tr> </table>	Ciprofloxacinon	Ofloxacinon	250 mg/12 h	200 mg/12 h				
Levofloxacinon	Moxifloxacinon													
500 mg/24 h	400 mg/24 h													
Ciprofloxacinon	Ofloxacinon													
250 mg/12 h	200 mg/12 h													

Equivalentes terapéuticos

Antiinfeciosos para uso sistémico



	 Principio activo	 Presentación	Vía	 Observacións	Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH	 Condições especiais de conservación e período de validez	 Consellos de administración
J01XE Derivados do nitrofurano	NITROFURANTOÍNA 	50 mg comprimidos	ORAL				Administrar con alimentos. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 20 mL de auga. Compatibilidade NE: Non, administrar 1 h antes ou 2 h despois da NE.
J01XX Outros antibacterianos	FOSFOMICINA	500 mg cápsulas	ORAL				Administrar con ou sen alimentos. Administración por sonda: Si, disolver en 20 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.
		3 g sobres	ORAL				Administrar con ou sen alimentos. Administración por sonda: Si, disolver en 20 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.
J02	Antimicóticos para uso sistémico						
J02AC Derivados triazólicos	FLUCONAZOL	50 mg cápsulas 100 mg cápsulas	ORAL				Administrar preferiblemente antes das comidas. En caso de molestias gastrointestinais, administrar con alimentos. MP CONSULTAR RECOMENDACIÓNS DE MANIPULACIÓN DA ÁREA SANITARIA
		40 mg/mL suspensión oral	ORAL			0 período de validez unha vez aberto o envase é de 1 mes	Administrar preferiblemente antes das comidas. En caso de molestias gastrointestinais, administrar con alimentos. Axitar antes de usar. Administración por sonda: Si, diluír en 20 mL de auga. Sonda nasoxelexual e xelexostomía percutánea endoscópica: Diluír en 100 mL de auga. Precaución: Pode obstruír a sonda. Compatibilidade NE: Si. MP CONSULTAR RECOMENDACIÓNS DE MANIPULACIÓN DA ÁREA SANITARIA

Antiinfeciosos para uso sistémico



Principio activo




Presentación



Vía Observacións

Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH



Condicions especiais de conservación e período de validez



Consellos de administración









J04

Antimicobacterias

J04AB Antibióticos	RIFAMPICINA	300 mg cápsulas	ORAL			<p>Administrar preferiblemente antes das comidas. En caso de molestias gastrointestinais, administrar con alimentos.</p> <p>Administración por sonda: Si, abrir e dispersar en 10 mL de auga.</p> <p>Compatibilidade NE: Non, administrar 1h antes ou 2 h despois da NE.</p>
J04AC Hidrazidas	ISONIAZIDA/ PIRIDOXINA	300/50 mg comprimidos	ORAL			<p>Administrar preferiblemente antes das comidas. En caso de molestias gastrointestinais, tomar con alimentos. Recoméndase non tomar con antiácidos que conteñan aluminio.</p> <p>Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 20 mL de auga.</p> <p>Compatibilidade NE: Non, administrar 1h antes ou 2 h despois da NE.</p>
J04AK Outros fármacos para o tratamento da tuberculose	ETAMBUTOL	400 mg comprimidos	ORAL			<p>Administrar preferiblemente antes das comidas. En caso de molestias gastrointestinais, tomar con alimentos.</p> <p>Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 20 mL de auga.</p> <p>Compatibilidade NE: Non, administrar 1h antes ou 2 h despois da NE.</p>

Antiinfeciosos para uso sistémico



	 Principio activo	 Presentación	Vía	 Observacións	Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH	 Condições especiais de conservación e período de validez	 Consellos de administración	
J04AM Combinacións de fármacos para o tratamento da tuberculose	RIFAMPICINA/ ISONIAZIDA	300/150 mg comprimidos	ORAL				Administrar preferiblemente antes das comidas. En caso de molestias gastrointestinais, tomar con alimentos. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 20 mL de auga. Compatibilidade NE: Non, administrar 1h antes ou 2 h despois da NE.	
	RIFAMPICINA/ ISONIAZIDA/ PIRAZINAMIDA	120/50/300 mg comprimidos		ORAL				Administrar preferiblemente antes das comidas. En caso de molestias gastrointestinais, tomar con alimentos. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 20 mL de auga. Compatibilidade NE: Non, administrar 1h antes ou 2 h despois da NE.
	RIFAMPICINA/ ISONIAZIDA/ PIRAZINAMIDA/ ETAMBUTOL	150/75/400/275 mg comprimidos		ORAL				Administrar preferiblemente antes das comidas. En caso de molestias gastrointestinais, tomar con alimentos. Administración por sonda: Non.
J05	Antivirais de uso sistémico							
J05AB Nucleósidos e nucleótidos, excluindo inhibidores da transcriptase reversa	ACICLOVIR	200 mg comprimidos 800 mg comprimidos	ORAL				Administrar con alimentos. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 30 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.	
	valACiclovir	500 mg comprimidos 1.000 mg comprimidos		ORAL				Administrar con alimentos. Administración por sonda: Non.



Axentes antineoplásicos e inmunomoduladores

O grupo anatómico de axentes antineoplásicos e inmunomoduladores inclúe numerosos medicamentos clasificados como perigosos polo Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.

Os efectos sobre a saúde dos medicamentos perigosos están asociados aos seus efectos terapéuticos e/ou aos seus efectos secundarios, que se admiten por seren menores ou, nalgúns casos, inevitables, como cos efectos canceríxenos asociados ao uso de moitos citostáticos. Os ditos efectos quedan xustificados nos pacientes por presentaren un balance beneficio/risco favorable, pero débense evitar de xeito radical no persoal sanitario e en cuidadores, para os que non existe beneficio clínico.



Principio activo



Presentación

Vía



Observacións

Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH



Condições especiais de conservación e período de validez



Consellos de administración

L02

Terapia endócrina

L02AB

Proxestáxenos

O acetato de mexestrol está indicado no tratamento paliativo do cancro avanzado de mama ou endometrio e para o tratamento da síndrome de caquexia-anorexia asociada a neoplasia avanzada. A evidencia actual non avala o seu uso para a caquexia non cancerosa, de xeito xeneralizado. Tería un papel limitado como estimulante do apetito nun contexto paliativo.

Algunhas revisións conclúen que, en pacientes con cancro, mellora o apetito e ten un pequeno efecto sobre o aumento de peso, pero non mellora a calidade de vida e os efectos secundarios son máis frecuentes, asociándose cun maior risco de coágulos sanguíneos, retención de líquidos e morte.

Outros eventos adversos graves relacionados coa súa actividade glicocorticoide serían a síndrome de Cushing, diabetes ou a insuficiencia suprarrenal, ás veces infradiagnosticada por se confundiren os síntomas do déficit de cortisol cos da caquexia (cansazo, náuseas, malestar gastrointestinal, etc.).

Por todo isto, os criterios Beers (2015) **recomendan evitar o mexestrol en anciáns.**

MEXESTROL	160 mg comprimidos	ORAL			<p>Administrar antes das comidas. Non triturar nin mastigar.</p> <p>Compatibilidade NE: Non, administrar 1h antes ou 2 h despois da NE.</p> <p>MP CONSULTAR RECOMENDACIÓNS DE MANIPULACIÓN DA ÁREA SANITARIA</p>
	40 mg/mL suspensión oral	ORAL			<p>Administrar antes das comidas, unha única toma. Axitar antes de usar.</p> <p>Administración por sonda: Si, de elección, disolver en auga e administrar inmediatamente.</p> <p>Compatibilidade NE: Non, administrar 1h antes ou 2 h despois da NE.</p> <p>MP CONSULTAR RECOMENDACIÓNS DE MANIPULACIÓN DA ÁREA SANITARIA</p>

Axentes antineoplásicos e inmunomoduladores



	 Principio activo	 Presentación	Vía	 Observacións	Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH	 Condicións especiais de conservación e período de validez	 Consellos de administración
L02BA Antiestróxenos	TAMOXIFENO	20 mg comprimidos	ORAL				Administrar antes das comidas. A rañura serve para fraccionar e facilitar a deglución, pero non para dividir en doses iguais. Compatibilidade NE: Si. MP CONSULTAR RECOMENDACIÓN DE MANIPULACIÓN DA ÁREA SANITARIA
L02BB Antiandróxenos	BICALUTAMIDA	50 mg comprimidos	ORAL				Administrar con ou sen alimentos. Non triturar nin mastigar. Compatibilidade NE: Si, administrar inmediatamente despois da NE. MP CONSULTAR RECOMENDACIÓN DE MANIPULACIÓN DA ÁREA SANITARIA
L02BG Inhibidores enzimáticos	ANASTROZOL	1 mg comprimidos	ORAL			 Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz	Administrar con ou sen alimentos. Compatibilidade NE: Si. MP CONSULTAR RECOMENDACIÓN DE MANIPULACIÓN DA ÁREA SANITARIA
	EXEMESTANO	25 mg comprimidos	ORAL				Administrar preferiblemente despois das comidas. Os alimentos atrasan a súa absorción pero non a diminúen. Compatibilidade NE: Si, administrar inmediatamente despois da NE. MP CONSULTAR RECOMENDACIÓN DE MANIPULACIÓN DA ÁREA SANITARIA
	LETROZOL	2,5 mg comprimidos	ORAL				Administrar con ou sen alimentos. Compatibilidade NE: Si. MP CONSULTAR RECOMENDACIÓN DE MANIPULACIÓN DA ÁREA SANITARIA

Axentes antineoplásicos e inmunomoduladores



Principio activo




Presentación



Vía Observacións

Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH
















Condicions especiais de conservación e período de validez



Consellos de administración

L04 Axentes inmunosupresores

L04AA Axentes inmunosupresores selectivos	LEFLUNOMIDA	10 mg comprimidos	ORAL  MARC  DH		 Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz O período de validez unha vez aberto o envase é de 100 días	Administrar con ou sen alimentos. Non triturar nin mastigar.. A ingestión de alimentos non modifica a absorción. Compatibilidade NE: Si.  CONSULTAR RECOMENDACIÓNS DE MANIPULACIÓN DA ÁREA SANITARIA
L04AX Outros axentes inmunosupresores	azaTIOPrina	50 mg comprimidos	ORAL  MARC		 Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz	Administrar coas comidas para mellorar a tolerancia gastrointestinal. Tomar o comprimido enteiro, sen mastigar, con polo menos 200 mL de líquido. Compatibilidade NE: Si, administrar coa NE.  CONSULTAR RECOMENDACIÓNS DE MANIPULACIÓN DA ÁREA SANITARIA
<p>Precaucións na administración de metotrexato por vía oral:</p> <ul style="list-style-type: none"> → O metotrexato está indicado no tratamento de diferentes patoloxías en reumatoloxía, dermatoloxía e oncoloxía. Tanto a dose como a pauta posolóxica varían segundo a indicación, podendo ser esta última de administración diaria ou semanal (administración unha vez por semana). → Notifícanse casos de morte relacionados coa súa administración diaria en vez de semanal, especialmente en pacientes de idade avanzada, polo que cómpre extremar as precaucións á hora da prescrición e da administración, indicando claramente as doses e os intervalos de dosificación [notas informativas de seguridade da AEMPS: MUH (FV) 7/2016 e MUH (FV) 11/2011]. → Nas indicacións de dermatoloxía (psoríase) e reumatoloxía (artrite, síndrome de Reiter), debe administrarse nunha dose única semanal (administrada nun día ou en día e medio). 						
METOTREXATO 	2,5 mg comprimidos	ORAL  MARC			Administrar antes das comidas, preferentemente con auga (o leite diminúe a súa absorción nun 40%). Administración semanal en indicación non oncolóxica. Esta dose semanal debe repartirse en 2 tomas (cada 12 h), ou en 3 (cada 8 h) en función da tolerancia do paciente. Compatibilidade NE: Non, administrar 1h antes ou 2 h despois da NE.  CONSULTAR RECOMENDACIÓNS DE MANIPULACIÓN DA ÁREA SANITARIA	



M01 Produtos antiinflamatorios e antirreumáticos

Os antiinflamatorios non esteroideos (AINE) teñen efecto antiinflamatorio, analxésico e antipirético, así como de inhibición da agregación plaquetaria. É un dos grupos de maior utilización en pacientes maiores.

Dado o seu perfil de seguridade e as súas numerosas interaccións, antes de iniciar un tratamento con AINE débense valorar outras alternativas farmacolóxicas máis seguras e/ou non farmacolóxicas. Existe gran variabilidade individual de resposta aos distintos AINE, polo que a selección se debe realizar en función do perfil de seguridade e dos factores de risco cardiovasculares e gastrointestinais do paciente.

Hai escasas diferenzas na eficacia analxésica dos AINE administrados por vía oral, pero si as hai no seu perfil de seguridade. Cómpre utilizar sempre a menor dose efectiva e durante o menor tempo necesario para o control dos síntomas. As doses como analxésicos son aproximadamente a metade das doses antiinflamatorias, e estas só se teñen que empregar en procesos inflamatorios. A acción analxésica comeza tras uns minutos ou unhas horas do inicio do tratamento. A acción antiinflamatoria non aparece ata pasados varios días.

Risco gastrointestinal

→ **A hemorraxia dixestiva alta (HDA)** é o efecto indesexable grave máis frecuente descrito e dose-dependente. Os AINE forman parte dos grupos nos que se recomenda a gastroprotección en determinadas situacións clínicas descritos no subgrupo químico-terapéutico **A02BC** desta guía.

O menor risco gastrointestinal dos COXIB parece observarse só nos primeiros 6 meses de tratamento aproximadamente.

Sistema musculoesquelético

Risco cardiovascular



A excepción do AAS, os AINE aumentan o risco cardiovascular, incrementan o risco de IAM, ictus, insuficiencia cardíaca e a súa descompensación e fibrilación auricular. **O risco aumenta canto maior é a dose de AINE, a duración do tratamento e o risco cardiovascular basal.** Non parece haber un período de latencia de risco, xa que en tratamentos curtos (dentro do primeiro mes) tamén se viu aumento do risco.

Advertencias e recomendacións da AEMPS e da EMA en relación coa utilización de antiinflamatorios:

- **COXIB:** incrementan o risco aterotrombótico (IAM, ictus e problemas vasculares arteriais periféricos) ata 3 casos por cada 1.000 pacientes e ano de tratamento. O risco absoluto é maior se existen antecedentes de enfermidade cardiovascular.
- **Diclofenaco:** a súa utilización a doses de 150 mg/día asociouse cun risco de episodios aterotrombóticos comparable ao dalgúns COXIB. Débese utilizar con especial precaución en pacientes con factores de risco cardiovascular, revisando periodicamente a necesidade de tratamento e os seus beneficios.
- **Ibuprofeno:** a súa utilización a doses de 2.400 mg/día (dose máxima autorizada) pódese asociar cun aumento do risco de episodios aterotrombóticos. Doses de 1.200 mg/día, ou menores, non demostraron incremento do risco. Podería diminuír o efecto antiplaquetario do AAS: aínda que non está clara a súa relevancia clínica, non se pode excluír a posibilidade de que o efecto cardioprotector do AAS se reduza coa administración regular e continua de ibuprofeno.
- **Naproxeno:** a súa utilización a doses de 1.000 mg/día parece presentar menor risco de episodios aterotrombóticos en comparación cos COXIB. O naproxeno asociouse cun maior risco gastrointestinal que o diclofenaco e o ibuprofeno.

Os datos sobre outros AINE son moi limitados ou inexistentes e non se pode excluír que leven consigo un aumento de risco aterotrombótico.

Ibuprofeno (dose \geq 2.400 mg/día), dexibuprofeno (dose \geq 1.200 mg/día), diclofenaco, aceclofenaco e COXIB:

- ⇒ **Non utilizar** en patoloxía cardiovascular grave, como insuficiencia cardíaca (II-IV NYHA), cardiopatía isquémica, enfermidade arterial periférica ou enfermidade cerebrovascular.
- ⇒ **Recoméndase** valorar o balance beneficio/risco en presenza de factores de risco cardiovascular (diabetes mellitus, hipertensión arterial, hipercolesterolemia, hábito tabáquico).

Selección do AINE máis adecuado en función do risco cardiovascular e/ou gastrointestinal

- **Risco cardiovascular:** recoméndase ibuprofeno (ata 1.200 mg/día) ou naproxeno (ata 1.000 mg/día).
- **Risco gastrointestinal:** recoméndase ibuprofeno asociado a IBP como primeira opción de tratamento e, como alternativas, diclofenaco asociado a IBP ou COXIB con ou sen IBP.
- **Baixo risco gastrointestinal e alto cardiovascular:** recoméndase naproxeno.
- **Alto risco gastrointestinal e baixo cardiovascular:** recoméndase COXIB ou outro AINE asociado a IBP.
- **Riscos cardiovascular e gastrointestinal altos:** recoméndase evitar os AINE.

Risco renal

O tratamento con AINE aumenta ata 3 veces o risco de desenvolver fallo renal agudo respecto aos pacientes non tratados. Parece que a doses altas hai máis risco relativo (3,4 fronte a 2,5).

Entre os **factores de risco** atópanse a disfunción hepática severa, a disfunción renal, a síndrome nefrótica, a idade avanzada, a diabetes, a hipertensión e o fallo cardíaco conxectivo.

En pacientes con risco renal deberíase evitar o uso de AINE e, en caso de necesidade de iniciar o tratamento, o ibuprofeno a doses de 1.200 mg/día sería o AINE recomendado debido ao seu menor risco renal.

Sistema musculoesquelético



Principio activo



Presentación

Vía



Observacións

Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH



Condições especiais de conservación e período de validez



Consellos de administración

M01AB

Derivados do ácido acético e substancias relacionadas

DICLOFENACO



75 mg/3 mL ampolas

IM



MARC

Limitar o seu uso ao período sintomático agudo (non máis de 2 días) e adoptar un tratamento analxésico vía oral cando sexa posible.



Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz

Inxección intraglútea profunda, no cuadrante superior externo.

100 mg supositorios

RECTAL








MARC



Administrar antes de deitarse ou despois da evacuación fecal.

Sistema musculoesquelético



	 Principio activo	 Presentación	Vía	 Observacións	Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH	 Condicións especiais de conservación e período de validez	 Consellos de administración				
M01AE Derivados do ácido propiónico	DEXKETOPROFENO	50 mg/2 mL ampolas	IM/IV	 MARC Limitar o seu uso ao período sintomático agudo (non máis de 2 días) e adoptar un tratamento analxésico vía oral cando sexa posible.			Vía IM: Administrar por inxección lenta e profunda no músculo. Infusión IV: Diluir en 30 a 100 mL de solución salina, glicosada ou Ringer lactato. A solución debe diluírse asepticamente e protexerse da luz natural. Administración en perfusión lenta durante 10-30 min. Bolo IV: Pode administrarse en bolo IV lento, nun tempo non inferior a 15 segundos.				
		12,5 mg comprimidos 25 mg comprimidos	ORAL	 MARC		En caso de dor aguda, administrar 30 min antes das comidas, xa que os alimentos atrasan a súa absorción. Tomar preferentemente con auga (o leite diminúe a súa absorción nun 40%). Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 10 mL de auga. Compatibilidade NE: Non, administrar 1h antes da NE.					
	IBUPROFENO	400 mg comprimidos 600 mg comprimidos	ORAL	 MARC		Administrar antes das comidas ou con leite se se notan molestias dixestivas. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 10 mL de auga. Compatibilidade NE: Si, administrar coa NE.					
	IBUPROFENO ARXININA	600 mg sobres	ORAL	 MARC		Disolver nun vaso de auga e inxerir tras preparar a solución correspondente. Administrar antes das comidas ou con leite se se notan molestias dixestivas. Administración por sonda: Si, de elección. Dispersar en 50 mL de auga. Compatibilidade NE: Si, administrar coa NE.					
	NAPROXENO	500 mg comprimidos	ORAL	 MARC		Administrar durante ou despois das comidas. Administración por sonda: Si, disolver en 15 mL de auga e administrar inmediatamente. Compatibilidade NE: Si, lavar a sonda con 15 mL de auga tras a administración.					
	<table border="1"> <tr> <th>Ibuprofeno</th> <th>Dexibuprofeno</th> </tr> <tr> <td>600 mg</td> <td>400 mg</td> </tr> </table>	Ibuprofeno	Dexibuprofeno	600 mg	400 mg						
Ibuprofeno	Dexibuprofeno										
600 mg	400 mg										

Sistema musculoesquelético



Principio activo



Presentación



Vía Observacións

Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH



Condicions especiais de conservación e período de validez



Consellos de administración

M03 Relaxantes musculares

M03BX	BACLOFENO	10 mg comprimidos 25 mg comprimidos	ORAL		Administración coas comidas. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 10 mL de auga. Compatibilidade NE: Si, administrar coa NE para reducir a súa gastrolesividade.
Outros axentes de acción central					
	tiZANidina	2 mg comprimidos 4 mg comprimidos	ORAL		Administrar durante ou despois das comidas. Administración por sonda: Si, disolver en 10 mL de auga e administrar inmediatamente. Compatibilidade NE: Si, lavar a sonda con 15 mL de auga tras a administración.

M04 Preparados antigotosos

M04AA	ALOPURINOL	100 mg comprimidos 300 mg comprimidos	ORAL		Administrar despois de inxestión de alimentos para mellorar a tolerancia. Se a dose é maior de 300 mg e intolerancia gastrointestinal, pode repartirse en varias tomas ao día. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 10 mL de auga. Compatibilidade NE: Si, administrar coa NE.
M04AC	COLCHICINA	1 mg comprimidos	ORAL		Administrar coas comidas para mellorar a tolerancia gastrointestinal. Compatibilidade NE: Si. CONSULTAR RECOMENDACIÓNS DE MANIPULACIÓN DA ÁREA SANITARIA

Sistema musculoesquelético



Principio activo




Presentación



Vía Observacións

Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH









Condições especiais de conservación e período de validez



Consellos de administración

M05 Fármacos para o tratamento de enfermidades óseas

M05BA Bifosfonatos	RISEDRONATO 	75 mg comprimidos	ORAL			<p>Tomar o comprimido enteiro, cun vaso de auga da billa, sen mastigalo nin chupalo, polo menos 30 min antes da primeira inxestión do día. O paciente debe estar incorporado e permanecer así ata polo menos 30 min despois.</p> <p>Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 50 mL de auga.</p> <p>Precaución: Lavar a sonda con 100 mL de auga tras a administración.</p> <p>Compatibilidade NE: Non, administrar 1h antes da NE.</p>
M05BX Outros axentes que afectan á estrutura ósea e á mineralización	DENOSUMAB 	60 mg/1 mL xiringa precargada	SUBCUTÁNEA		 Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz  Conservar en neveira (2 °C - 8 °C) Non conxelar O período de validez unha vez fóra da neveira é de 30 días máximo.	<p>Vía SC: Administración en abdome, coxa ou parte superior do brazo.</p>

Sistema nervioso



Principio activo




Presentación



Vía Observacións

Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH



Condicions especiais de conservación e período de validez



Consellos de administración

N01 Anestésicos

N01	Anestésicos					
N01BA Ésteres do ácido aminobenzoico	MEpivacaína	40 mg/2 mL ampolas	INFILTRACIÓN			Inxección local (bloqueo ou infiltración). Precaución: Administrar lentamente (ata 100- 200 mg/min) ou en incrementos de dose, mantendo contacto verbal constante co paciente. Interromper a administración inmediatamente se hai síntomas de toxicidade. A inxección intravascular accidental pode recoñecerse por aumento temporal do ritmo cardíaco. Non administrar en rexións infectadas.
	TETRACAÍNA	0,75% pomada	TÓPICA	Precaución: Pode producirse metahemoglobinemia como resultado de administrar doses normais, así como da exposición a concentracións tóxicas de anestésicos locais. Pode producir reaccións alérxicas (posiblemente retardadas) por conter parahidroxibenzoato de metilo.		Podería ser ototóxico e non deberá aplicarse no oído medio ou empregarse en procedementos que puidesen implicar a penetración ao oído medio.
N01BB Amidas	LIDOCAÍNA/PRILOCAÍNA 	25/25 mg por g crema	TÓPICA	Dose máxima recomendada: 60 g. Área tratada máxima recomendada: 600 cm ² . Tempo de aplicación: mínimo de 1 h e máximo de 5 h. Precaución: Prilocaína a doses altas pode causar un aumento nos niveis de metahemoglobina, especialmente en individuos susceptibles. As persoas que aplican ou retiran frecuentemente a crema deben evitar o contacto para previr hipersensibilidade.		1 g de crema extraída dun tubo de 30 g é aproximadamente 3,5 cm. Se se requiren niveis altos de exactitude na administración para evitar unha sobredose (se se requiren 2 aplicacións nun período de 24 h), pódese usar unha xiringa onde 1 mL = 1 g.

Sistema nervioso



Principio activo



Presentación

Vía



Observacións

Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH



Condicions especiais de conservación e período de validez



Consellos de administración

N01BX

Outros anestésicos locais

CAPSAICINA

0,075% crema

Precaución: Pode producir reaccións locais na pel (dermatite de contacto) ao conter alcohol cetílico, reaccións alérxicas (posiblemente retardadas) ao conter metilparaben sódico e propilparaben sódico, irritación na pel por conter propilenglicol.

Non aplicar en pel irritada ou feridas. Altamente irritante. Evitar contacto con ollos e mucosas. Lavar as mans con auga fría e xabón inmediatamente despois de cada aplicación. Evitar aplicación preto de ollos ou mucosas. Se causa ardor, lavar zona con abundante auga fría. Se a zona tratada son as mans, os pacientes non deberán lavalas ata 30 min despois da aplicación, mínimo. Durante este tempo, vixiar contacto accidental coas zonas sensibles. Non aplicar calor nin vendaxes apertadas na zona. Non utilizar de forma prolongada nin en áreas extensas.

N02

Analxésicos

A escaleira analxésica da OMS é unha estratexia terapéutica que implica empezar o tratamento polo chanzo que máis se adapte ao tratamento da dor en función da súa intensidade. Cando os analxésicos dun chanzo, utilizados a doses axeitadas, non son eficaces, hai que pasar ao seguinte chanzo.

Esta escaleira analxésica inclúe os seguintes chanzos:

Primeiro chanzo	→ Analxésicos non opioides: paracetamol, metamizol e AINE. Están indicados na dor de intensidade leve-moderada e en dor severa combinados con opioides. Teñen teito terapéutico e non producen dependencia.
Segundo chanzo	→ Opioides débiles: codeína, tramadol. Indicados en dor de intensidade moderada.
Terceiro chanzo	→ Opioides potentes: morfina, oxicodona, fentanilo, buprenorfina, hidromorfona, tapentadol. Indicados en dor severa.

En primeiro lugar prescríbense os analxésicos do primeiro chanzo. Se a dor non mellora, pasárase aos analxésicos do segundo chanzo, combinados cos do primeiro chanzo e mais algún coadjuvante se é necesario. Se a dor non mellora, iniciaránse os opioides potentes, combinados cos do primeiro chanzo, co coadjuvante se é necesario.

Recoméndase utilizar as doses a intervalos regulares e non esperar a que apareza a dor.

O paracetamol é o analxésico non opioide máis adecuado en dor de intensidade leve-moderada no ancián. Os AINE débense utilizar durante o menor tempo posible debido ao seu perfil de seguridade, especialmente as súas potenciais gastrolesividade e nefrotoxicidade.

Non se recomenda asociar opioides débiles con opioides potentes.

Acéptase, en situacións de necesidade de inmediatez de resposta, o "ascensor analxésico", que supón seguir o esquema da escaleira analxésica pero de xeito máis flexible e adaptado, evitando algún chanzo coa finalidade de optimizar o tratamento da dor.



Analxésicos opioides. Actúan especialmente sobre receptores opioides mu. Están indicados en dor moi intensa e refractaria a outros tratamentos.

Agonistas puros
(incluídos nesta guía)

→ **Morfina, fentanilo e oxicodona.** Producen analxesia potente e non teñen teito analxésico.

Agonistas parciais

→ **Buprenorfina.** Fíxase de forma incompleta nos receptores mu, polo que ten teito analxésico e menor risco de adicción.

Non se deben utilizar en combinación con agonistas puros e con agonistas parciais, xa que se produce efecto antagónico.

Recoméndase evitar o uso concomitante de benzodicepinas e opioides en pacientes maiores.

Os pacientes maiores e, en particular, os pacientes fráxiles son máis sensibles tanto ao efecto analxésico como aos efectos secundarios dos opioides, polo que se recomenda empregar doses máis baixas que cos adultos novos. Recoméndase iniciar con dose ata un 50 % inferior que en pacientes novos, realizando unha coidadosa titulación baseada na resposta individual de cada paciente.

Os opioides débense utilizar con precaución en enfermidades respiratorias polo efecto depresor que exercen sobre o centro respiratorio. Entre os efectos adversos máis destacables atópanse a somnolencia, o estrinximento e as náuseas e vómitos. Para a prevención do estrinximento, é aconsellable iniciar tratamento con laxantes. Outros efectos menos frecuentes son retención aguda de ouriños, boca seca, mioclonías e síndrome confusional aguda.

DOSES EQUIVALENTES DE OPIOIDES

























Morfina ORAL	Morfina SUBCUTÁNEA	Buprenorfina TRANSDÉRMICA	Fentanilo TRANSDÉRMICO	Oxicodona ORAL	Tramadol ORAL	Tapentadol retard ORAL
30-60	10-30	35	25	20	150-300	75-150
90	30-50	52,5	50	40-60	450	225
120	40-60	70	75	80	600	300

Para máis información, consultar a calculadora de opioides do Servizo de Anestesiología e Reanimación do Hospital Clínico Universitario de Santiago, a través do enlace

Coadxuvantes. Os medicamentos coadxuvantes (antiepilépticos e antidepressivos: gabapentina, pregabalina, carbamazepina e duloxetina) están especialmente indicados no tratamento da dor neuropática e para potenciar o efecto doutros analxésicos, coñecendo as adaptacións en función da idade.
















Sistema nervioso



	 Principio activo	 Presentación	Vía  Observacións	Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH 	 Condicións especiais de conservación e período de validez	 Consellos de administración
N02AA Alcaloides naturais do opio	MORFINA CLORHIDRATO	10 mg/1 mL ampolas	IM/IV/SC  MARC 	 	 Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz O contido das ampolas debe ser usado inmediatamente tras a súa apertura. Desbotar a porción non utilizada.	Vía IV: Administrar de forma lenta. Vía IM: Administrar de forma lenta. Perfusión continua: O ritmo inicial recomendado en adultos é de 0,8-10 mg/h.
	MORFINA SULFATO	10 mg comprimidos 20 mg comprimidos	ORAL  MARC 	 		Administrar con ou sen alimentos. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 20 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.
	5 mg comprimidos liberación prolongada 10 mg comprimidos liberación prolongada 15 mg comprimidos liberación prolongada 30 mg comprimidos liberación prolongada 60 mg comprimidos liberación prolongada 100 mg comprimidos liberación prolongada	ORAL  MARC 	 		Administrar con ou sen alimentos. Non triturar nin mastigar. Administración por sonda: Non, alternativa morfina de liberación rápida ou solución.	
	2 mg/mL solución oral	ORAL  MARC 	 	 Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz O período de validez unha vez aberto o envase multi-dose é de 90 días	Administrar con ou sen alimentos, pero sempre do mesmo xeito (potencial aumento dun 34% da AUC de morfina solución con alimentos). Observacións: Administración con goteiro, 1 mL =16 gotas. Administración por sonda: Si, disolver en 10 mL de auga e administrar inmediatamente. Compatibilidade NE: Si, administrar coa NE. Ata 2 mg/mL administrar directamente, maior concentración diluír en auga.	


















Sistema nervioso



	 Principio activo	 Presentación	Vía	 Observacións	Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH	 Condicións especiais de conservación e período de validez	 Consellos de administración
N02AA Alcaloides naturais do opio	oxiCODONA	5 mg cápsulas 10 mg cápsulas 20 mg cápsulas 5 mg comprimidos liberación prolongada 10 mg comprimidos liberación prolongada 20 mg comprimidos liberación prolongada 40 mg comprimidos liberación prolongada 80 mg comprimidos liberación prolongada	ORAL	 MARC 			Administrar con ou sen alimentos. Non triturar nin mastigar. Administración por sonda: Non, alternativa oxico-dona solución.
		10 mg/mL solución oral	ORAL	 MARC 			Administrar con ou sen alimentos. Administración por sonda: Si, disolver en auga e administrar inmediatamente. Compatibilidade NE: Si.
	oxiCODONA/NALOXONA	5/ 2,5 mg comprimidos liberación prolongada 10/5 mg comprimidos liberación prolongada 20/10 mg comprimidos liberación prolongada 30/15 mg comprimidos liberación prolongada 40/20 mg comprimidos liberación prolongada	ORAL	 MARC 			Administrar con ou sen alimentos. Non triturar nin mastigar. Administración por sonda: Non, alternativa oxico-dona solución.
N02AB Derivados da fentilpiperidina	fentaNILO    	100 mcg comprimidos sublinguais 200 mcg comprimidos sublinguais 300 mcg comprimidos sublinguais 400 mcg comprimidos sublinguais	SUBLINGUAL	 MARC  			Administrar directamente baixo a lingua ata a disolución completa. Non tragar, non mastigar nin chupar. Recoméndase non comer nin beber nada ata a disolución total do comprimido sublingual. En pacientes con sequidade bucal recoméndase humedecer a mucosa oral con auga previamente á administración do comprimido.
		12 mcg/h parches transdérmicos 25 mcg/h parches transdérmicos 50 mcg/h parches transdérmicos 75 mcg/h parches transdérmicos 100 mcg/h parches transdérmicos	TRANSDÉRMICA	 MARC 			Aplicar nunha zona da pel non irritada, torso ou parte superior dos brazos, preferible zona sen pelo. Non usar cremas ou locións hidratantes antes da aplicación do parche. Rotar a zona de aplicación do parche para evitar a aparición de reaccións locais na pel. Non cortar os parches.

Sistema nervioso



	 Principio activo	 Presentación	Vía  Observacións	Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH 	Condicions especiais de conservación e período de validez 	 Consellos de administración
N02AE Derivados da oripavina	BUPRENORFINA	35 mcg/h parches transdérmicos (20 mg) 52,5 mcg/h parches transdérmicos (30 mg) 70 mcg/h parches transdérmicos (40 mg)	TRANSDÉRMICA  MARC 			Aplicar na pel limpa non irritada, sobre unha superficie lisa e exenta de pelo, preferiblemente parte superior das costas ou peito. Non aplicar en zonas onde haxa grandes cicatrices. Evitar cremas e locións que poidan afectar a adhesión do parche. Rotar a zona de aplicación do parche para evitar a aparición de reaccións locais na pel. O parche debe levarse posto de forma continua ata un máximo de 4 días.
N02AX Outros opioides	traMADol	100 mg/2 mL ampolas	IM/SC/IV  MARC			Vía IV directa: Administrar lentamente en 2-3 min. Pódese diluír con 8-10 mL SSF para facer máis fácil a administración neste tempo. Perfusión IV intermitente: Diluír en 50-100 mL SSF ou SG5%, infundir en 30-60 min. Perfusión IV continua: Diluír en 500 mL SSF ou SG5%. Vía IM. Vía SC.
		50 mg cápsulas	ORAL  MARC			Administrar con ou sen alimentos. Administración por sonda: Si, abrir a cápsula e dispersar en 20 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.
		100 mg comprimidos liberación prolongada 150 mg comprimidos liberación prolongada	ORAL  MARC			Administrar con ou sen alimentos. Non triturar nin mastigar. Administración por sonda: Non, alternativa tramadol cápsulas.
		100 mg/mL gotas orais	ORAL  MARC		O período de validez unha vez aberto o envase é de 12 meses	Administrar con ou sen alimentos. Administración por sonda: Si, disolver en auga e administrar inmediatamente. Observacións: Administración con goteiro, 1 mL = 40 gotas = 100 mg (TRAMADOL VIR Solución, TRAMADOL ASTA Medica, TRAMADOL FARMALIDER 100 mg/mL). Administración con pulsador: 1 pulsación = 12,5 mg (ADOLONTA 100 mg/mL solución oral, TIONER 100 mg/mL solución). Compatibilidade NE: Si.

Sistema nervioso















	 Principio activo	 Presentación	Vía  Observacións	Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH 	Condicions especiais de conservación e período de validez 	 Consellos de administración
N02AJ Opioides combinados con outros analxésicos	traMADol/ PARACETAMOL	37,5/325 mg comprimidos	ORAL  MARC			Administrar con ou sen alimentos. Non triturar nin mastigar. Administración por sonda: Non.
N02BB Pirazolonas	metAMizol SÓDICO (DIPIRONA) 	2 g/5 mL ampolas	IM/IV/ORAL		 Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz	A administración débese realizar co paciente tomado e baixo estreita vixilancia médica. Débese dispoñer dun equipo adecuado para o tratamento de casos raros de choque. Vía IV directa: Administrar lentamente a un máximo de 400 mg/min (5 min para unha ampola de 2 g). Perfusión IV intermitente: Diluír en 50-100 mL SSF ou SG5%, infundir en 20-60 min. Perfusión IV continua: Diluír en 500-1.000 mL SSF ou SG5%. Vía IM: Profunda.
		575 mg cápsulas	ORAL			Administrar con ou sen alimentos. Administración por sonda: Si, abrir a cápsula e dispersar en 20 mL de auga. Compatibilidade NE: Si, administrar con NE.
N02BE Anilidas	PARACETAMOL	500 mg comprimidos 650 mg comprimidos 1.000 mg comprimidos	ORAL			Administrar con ou sen alimentos. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 10 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.
		1.000 mg sobres	ORAL			Administrar con ou sen alimentos. Administración por sonda: Si, abrir e dispersar en 20 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.

N03


















Antiepilépticos

- As recomendacións sobre a elección do tratamento antiepiléptico e sobre o control regular da súa efectividade son similares nos anciáns e na poboación xeral.
- A maioría das crises epilépticas dos anciáns son de etioloxía sintomática, polo que se debe propor o tratamento antiepiléptico dende a primeira crise epiléptica. Aínda que, de xeito xeral, se trata de epilepsias doadamente controlables, é recomendable manter o tratamento de forma indefinida pola tendencia recorrente das crises epilépticas.
- Débense valorar as características farmacocinéticas dos medicamentos antiepilépticos, a comorbilidade e a polifarmacia nos pacientes anciáns con epilepsia. Neste sentido, o manexo terapéutico debe ser especialmente coidadoso cos antiepilépticos inhibidores/indutores enzimáticos do metabolismo hepático, como son fenitoína, fenobarbital, carbamazepina e ácido valproico.
- Son de especial relevancia en pacientes maiores os medicamentos que poden producir osteoporose, como son fenitoína, fenobarbital e carbamazepina.
- É de elección a monoterapia. Só se utilizará a combinación de dous medicamentos antiepilépticos cando fracasen varios intentos de control das crises en monoterapia.
- A titulación e a dose de mantemento dos medicamentos antiepilépticos empregados nos anciáns debe ser inferior á poboación xeral con epilepsia.
- **Levetiracetam e lamotrixina** son os medicamentos de elección na epilepsia do paciente ancián. Ambos os dous presentan menor número de interaccións e mellor tolerancia. Presentan amplo espectro e utilízanse no tratamento da epilepsia focal e xeneralizada.
- Gabapentina e lacosamida son alternativas terapéuticas útiles na epilepsia do ancián.

	 Principio activo	 Presentación	Vía  Observacións	Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH  Condicións especiais de conservación e período de validez	 Consellos de administración
N03AA Barbitúricos e derivados	FENobarbital	100 mg comprimidos	ORAL  Recoméndase monitorización de niveis plasmáticos.		Administrar con ou sen alimentos. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 10 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.
	PRIMIDONA	250 mg comprimidos	ORAL		Administrar coas comidas para mellorar a tolerancia gastrointestinal. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 10 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.
N03AB Derivados da hidantoína	FENITOÍNA	100 mg comprimidos	ORAL  MARC Medicamento de estreita marxe terapéutica, recoméndase monitorización de niveis plasmáticos.	  Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz	Administrar separándoo 2-3 h de alimentos lácteos. Compatibilidade NE: Non, administrar 1h antes ou 2 h despois da NE.  MP CONSULTAR RECOMENDACIÓNS DE MANIPULACIÓN DA ÁREA SANITARIA
















Sistema nervioso



	 Principio activo	 Presentación	Vía	 Observacións	Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH	 Condicións especiais de conservación e período de validez	 Consellos de administración
N03AE Derivados da benzodicepina	clonazepam	0,5 mg comprimidos 2 mg comprimidos	ORAL				Administrar con ou sen alimentos.  CONSULTAR RECOMENDACIÓN DE MANIPULACIÓN DA ÁREA SANITARIA
		2,5 mg/mL gotas orais	ORAL			0 período de validez unha vez aberto o envase é de 120 días	Administrar con ou sen alimentos. Administración por sonda: Si, as gotas débense mesturar con 10 mL de auga, té ou zume de froitas, non administrar directamente. Compatibilidade NE: Si.  CONSULTAR RECOMENDACIÓN DE MANIPULACIÓN DA ÁREA SANITARIA
N03AF Derivados da carboxamida	carbamazepina	200 mg comprimidos 400 mg comprimidos	ORAL	 MARC Medicamento de estreita marxe terapéutica, recoméndase monitorización de niveis plasmáticos.			Administrar con ou sen alimentos. Precaución: Non consumir pomelo por interacción. Compatibilidade NE: Si.  CONSULTAR RECOMENDACIÓN DE MANIPULACIÓN DA ÁREA SANITARIA
		Oxcarbazepina	300 mg comprimidos 600 mg comprimidos	ORAL			
	60 mg/mL suspensión oral	ORAL			0 período de validez unha vez aberto o envase é de 7 semanas	Administrar con ou sen alimentos. Axitar antes de usar. 60 mg=1 mL. Precaución: Non consumir pomelo por interacción. Administración por sonda: Si, diluír en auga. Compatibilidade NE: Si.  CONSULTAR RECOMENDACIÓN DE MANIPULACIÓN DA ÁREA SANITARIA	






Sistema nervioso



	 Principio activo	 Presentación	Vía  Observacións	Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH 	Condicions especiais de conservación e período de validez 	 Consellos de administración
N03AG Derivados dos ácidos graxos	VALPROATO SÓDICO 	200 mg comprimidos 500 mg comprimidos	ORAL  MARC Recómendase monitorización de niveis plasmáticos.		Substancia moi higroscópica: manter en blíster	Administrar coas comidas para mellorar a tolerancia gastrointestinal. Administración por sonda: Non, administrar a solución. MP CONSULTAR RECOMENDACIÓNS DE MANIPULACIÓN DA ÁREA SANITARIA
		200 mg/mL solución oral	ORAL  MARC Recómendase monitorización de niveis plasmáticos.		 Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz	Administrar coas comidas para mellorar a tolerancia gastrointestinal. Administración por sonda: Si. Compatibilidade NE: Si. MP CONSULTAR RECOMENDACIÓNS DE MANIPULACIÓN DA ÁREA SANITARIA
	VALPROATO SÓDICO CRONO 	300 mg comprimidos 500 mg comprimidos	ORAL  MARC Recómendase monitorización de niveis plasmáticos.		Substancia moi higroscópica: manter en blíster	Administrar coas comidas para mellorar a tolerancia gastrointestinal. As formas farmacéuticas "crono" non se poden triturar xa que son de liberación prolongada. Administración por sonda: Non, administrar la solución. MP CONSULTAR RECOMENDACIÓNS DE MANIPULACIÓN DA ÁREA SANITARIA

Sistema nervioso













	 Principio activo	 Presentación	Vía	 Observacións	Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH	 Condições especiais de conservación e período de validez	 Consellos de administración
N03AX Outros antiepilépticos	GABAPENTINA	300 mg cápsulas 400 mg cápsulas	ORAL				Administrar con ou sen alimentos. En caso de molestias gastrointestinais administrar coas comidas. Administración por sonda: Si, abrir e diluir en 20 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.
		600 mg comprimidos	ORAL				Administrar con ou sen alimentos. En caso de molestias gastrointestinais administrar coas comidas. Administración por sonda: Si, dispersar en 20 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.
	LACOSAMIDA	50 mg comprimidos 100 mg comprimidos 150 mg comprimidos 200 mg comprimidos	ORAL				Administrar con ou sen alimentos. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 20 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.
		10 mg/mL xarope	ORAL			0 período de validez unha vez aberto o envase é de 2 meses	Administrar con ou sen alimentos. Administración por sonda: Si, disolver en auga e administrar inmediatamente. Compatibilidade NE: Si.
	lamoTRixina	25 mg comprimidos dispersables 50 mg comprimidos dispersables 100 mg comprimidos dispersables 200 mg comprimidos dispersables	ORAL				Administrar con ou sen alimentos. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 10 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.
	levETIRAcetam	250 mg comprimidos 500 mg comprimidos 1.000 mg comprimidos	ORAL				Administrar con ou sen alimentos. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 15-20 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.
100 mg/mL solución oral		ORAL			 Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz	Administrar con ou sen alimentos. Administración por sonda: Si, administrar directamente. Compatibilidade NE: Si.	

0 período de validez unha vez aberto o envase é de **7 meses**

Sistema nervioso



	 Principio activo	 Presentación	Vía	 Observacións	Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH	 Condições especiais de conservación e período de validez	 Consellos de administración
N03AX Outros antiepilépticos	PREGABALINA  Alternativa eficiente	25 mg cápsulas 75 mg cápsulas 150 mg cápsulas 300 mg cápsulas	ORAL	 Alternativa eficiente			Administrar con ou sen alimentos. Administración por sonda: Si, abrir e dispersar en 20 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.
	TOPIRAMATO	25 mg comprimidos 50 mg comprimidos 100 mg comprimidos 200 mg comprimidos	ORAL				Administrar con ou sen alimentos. Administración por sonda: Si, disolver en 20 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.  CONSULTAR RECOMENDACIÓNS DE MANIPULACIÓN DA ÁREA SANITARIA



N04

Antiparkinsonianos

O tratamento da enfermidade de Parkinson en pacientes maiores debe ser individualizado, e para a selección do tratamento inicial cómpre considerar a severidade da enfermidade, a incapacidade funcional e o estado cognitivo do paciente, así como a existencia de patoloxías asociadas.

- **A levodopa** é o medicamento máis eficaz no tratamento sintomático da enfermidade de Parkinson, e é de primeira elección se os síntomas, en particular os relacionados coa bradicinesia, se converten en intrusivos ou molestos. A combinación con inhibidores da descarboxilase (carbidopa ou benserazida) minimiza os efectos secundarios e os requirimentos diarios de levodopa. Os inhibidores da catecol-O-metiltransferase (entacapona) reducen o metabolismo da levodopa.
- **Os agonistas da dopamina** están indicados en monoterapia para a enfermidade de Parkinson temperá ou en combinación con outros medicamentos antiparkinsonianos para o tratamento dunha enfermidade máis avanzada. Son ineficaces en pacientes que non mostran resposta á levodopa. Posiblemente leven a un atraso na necesidade de iniciar a terapia con levodopa, pero o seu uso está asociado cun maior risco de trastornos de control de impulsos.
Existen dous grupos de agonistas dopaminérxicos: derivados ergóticos (bromocriptina) e non ergóticos (apomorfin, pramipexol, ropinirol e rotigotina). Debido á maior incidencia de efectos adversos cos derivados ergóticos, é máis recomendable usar derivados non ergóticos.
Os agonistas dopaminérxicos levan consigo un menor número de fluctuacións motoras que a levodopa, ademais da evidencia de que hai unha maior incidencia de discinesia relacionada con levodopa. Por todo iso, é razoable iniciar o tratamento cun agonista da dopamina nos pacientes máis novos (idade < 65 anos) e con levodopa en pacientes de idade avanzada (≥ 65 anos).
- **Os inhibidores da monoaminoxidase B (IMAO-B)**, como selexilina e rasaxilina, poden ser útiles en pacientes con enfermidade de Parkinson temperá, pero teñen un beneficio sintomático modesto como monoterapia.
- **Non se recomenda utilizar anticolinérxicos** (trihexifenidilo, biperideno) **en pacientes maiores de 70 anos** con tremor debido ao seu desfavorable perfil beneficio/risco.
- Recoméndase iniciar os tratamentos con doses baixas e ir aumentándoas progresivamente, adecuándoas segundo a resposta do paciente.



Principio activo



Presentación

Vía



Observacións

Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH



Condicions especiais de conservación e período de validez



Consellos de administración

N04AA

BIPERIDENO

Aminas terciarias

5 mg/1 mL ampolas

IM/IV

O contido das ampolas debe ser usado **inmediatamente** tras a súa apertura. Desbotar a porción non utilizada.

Vía IM: Administrar de forma lenta.
Vía IV: Directa, administrar de forma lenta.

2 mg comprimidos

ORAL

Administrar durante ou despois das comidas para mellorar a tolerancia gastrointestinal.
Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 10 mL de auga.
Compatibilidade NE: Si.

4 mg comprimidos liberación prolongada

ORAL

Administrar durante ou despois das comidas para mellorar a tolerancia gastrointestinal. Non triturar nin mastigar.
Administración por sonda: Non.















Sistema nervioso



	 Principio activo	 Presentación	Vía	 Observacións	Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH	 Condições especiais de conservación e período de validez	 Consellos de administración
N04BA Dopa e derivados da dopa	LEVODOPA/ BENSERAZIDA	200/50 mg comprimidos	ORAL				Administrar separadamente dos alimentos: 30 min antes ou 2 h despois das comidas. As dietas ricas en proteínas poden diminuír o efecto terapéutico da levodopa. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 10 mL de auga. Compatibilidade NE: Non, administrar 1h antes ou 2 h despois da NE.
	LEVODOPA/ CARBIDOPA	100/25 mg comprimidos 250/25 mg comprimidos	ORAL				Administrar separadamente dos alimentos: 30 min antes ou 2 h despois das comidas. As dietas ricas en proteínas poden diminuír o efecto terapéutico da levodopa. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 10 mL de auga. Compatibilidade NE: Non, administrar 1h antes ou 2 h despois da NE.
		100/25 mg comprimidos liberación retardada 200/50 mg comprimidos liberación retardada	ORAL				Administrar separadamente dos alimentos: 30 min antes ou 2 h despois das comidas. As dietas ricas en proteínas poden diminuír o efecto terapéutico da levodopa. Non triturar nin mastigar. Administración por sonda: Non, as formas <i>retard</i> non se poden utilizar por sonda.
LEVODOPA/ CARBIDOPA/ ENTACAPONA	50 /12,5/200 mg comprimidos 75/18,75/200 mg comprimidos 100/25/200 mg comprimidos 125/31,25/200 mg comprimidos 150/37,5/200 mg comprimidos 200/50/200 mg comprimidos	ORAL				Administrar separadamente dos alimentos: 30 min antes ou 2 h despois das comidas. As dietas ricas en proteínas poden diminuír o efecto terapéutico da levodopa. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 20 mL de auga. Compatibilidade NE: Non, administrar 1h antes ou 2 h despois da NE.	

Sistema nervioso



	 Principio activo	 Presentación	Vía	 Observacións	Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH	 Condicións especiais de conservación e período de validez	 Consellos de administración
N04BC Agonistas dopaminérxicos	PRAMIPEXOL	0,18 mg comprimidos 0,7 mg comprimidos	ORAL			 Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz	Administrar con ou sen alimentos. Os alimentos poden atrasar a velocidade de absorción. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 10 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.
		2,1 mg comprimidos liberación prolongada	ORAL			 Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz	Administrar con ou sen alimentos. Os alimentos poden atrasar a velocidade de absorción. Non triturar nin mastigar. Administración por sonda: Non, as formas <i>retard</i> non se poden administrar por sonda.
	rOPINIrol	0,25 mg comprimidos 0,5 mg comprimidos 1 mg comprimidos 2 mg comprimidos 5 mg comprimidos	ORAL				Administrar coas comidas para mellorar a tolerancia gastrointestinal. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 10 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.
		4 mg comprimidos liberación prolongada 8 mg comprimidos liberación prolongada	ORAL				Administrar con ou sen alimentos. Administrar nunha única toma, sempre á mesma hora. Non mastigar nin triturar. Administración por sonda: Non, as formas <i>retard</i> non son adecuadas para administración por sonda.
	ROTIGOTINA	1 mg/24 h parches transdérmicos (2,25 mg) 2 mg/24 h parches transdérmicos (4,5 mg) 4 mg/24 h parches transdérmicos (9 mg) 6 mg/24 h parches transdérmicos (13,5 mg) 8 mg/24 h parches transdérmicos (18 mg)	TRANSDÉRMICA				O parche debe aplicarse sobre a pel limpa, seca, intacta e sa na zona no abdome, a zona do estómago, coxa, cadeira, costado, ombro ou parte superior do brazo. O parche non debe aplicarse sobre pel arroibada, irritada ou danada. Rotar a zona de aplicación do parche para evitar reaccións locais na pel. Non cortar os parches.
	N04BD Inhibidores da monoaminoxidase B	RASAXILINA	1 mg comprimidos	ORAL			Administrar con ou sen alimentos. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 10 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.  CONSULTAR RECOMENDACIÓNS DE MANIPULACIÓN DA ÁREA SANITARIA



N05

Psicolépticos

Entre os cambios que acompañan o envellecemento, atópase o aumento da sensibilidade aos medicamentos que actúan sobre a esfera psíquica (ansiolíticos, antidepressivos e neurolépticos). De xeito xeral, recoméndase empezar sempre o tratamento con doses menores das recomendadas en pacientes máis novos.

N05A

Antipsicóticos

A utilización de **antipsicóticos en pacientes anciáns** require especial precaución pola maior predisposición deste grupo de poboación a sufrir hipotensión ortostática e efectos secundarios extrapiramidais, así como unha maior sensibilidade aos efectos anticolinérxicos e sedantes que presentan estes medicamentos.

Recoméndase utilizar a mínima dose eficaz e reavaliar a continuidade do tratamento, polo menos, cada 3 ou 4 meses. Se non se observa resposta clinicamente significativa despois de 4 semanas cunha dose axeitada, recoméndase reducir a dose gradualmente ata a suspensión do tratamento.

Non hai ningún tratamento de elección, aínda que como primeira liña se recomendan os antipsicóticos atípicos.

A súa utilización no tratamento da axitación e da agresividade en pacientes con demencia é controvertida debido ao aumento do risco de eventos cerebrovasculares e mortalidade.

PROTOCOLO DE UTILIZACIÓN DE QUETIAPINA PARA O TRATAMENTO DAS ALTERACIÓNS CONDUTUAIS DA DEMENCIA

I) ALTERACIÓNS Condutuais ASOCIADAS Á DEMENCIA

A demencia é unha síndrome clínica caracterizada por un déficit adquirido en máis dun dominio cognitivo, que representa unha perda respecto ao nivel previo e que reduce de forma significativa a autonomía funcional. A demencia cursa frecuentemente con síntomas condutuais e psicolóxicos (SCPD), tamén denominados síntomas condutuais e emocionais ou síntomas neuropsiquiátricos.

O grupo asesor da Sociedade Española de Neuroloxía estableceu os seguintes criterios diagnósticos:

I. Alteracións de polo menos dúas das seguintes áreas cognitivas:

- | | |
|---------------------------|----------------------------|
| a. Atención/concentración | e. Praxias |
| b. Linguaxe | f. Funcións visuoespaciais |
| c. Gnosias | g. Funcións executivas |
| d. Memoria | h. Conduta |

II. Estas alteracións deben ser:

- Adquiridas, con deterioración das capacidades previas do paciente, confirmado a través dun informador fiable ou mediante avaliacións sucesivas.
- Obxectivadas na exploración neuropsicolóxica.
- Persistentes durante semanas ou meses e constatadas no paciente con nivel de conciencia normal.

III. Estas alteracións son de intensidade suficiente como para interferir nas actividades habituais do suxeito, incluíndo as ocupacionais e sociais.

IV. As alteracións cursan sen trastorno do nivel de conciencia ata fases terminais, aínda que poden acontecer perturbacións transitorias intercorrentes.



Os **Síntomas Psicolóxicos e Condutuais** das demencias comprenden unha serie de síntomas relacionados coa alteración da percepción, o contido do pensamento, o ánimo e a conduta que poden presentarse nas persoas afectadas de demencia, e que constitúen parte da expresión da enfermidade.

As persoas con demencia poden presentar tres tipos principais de SCPD:

- Trastornos do estado de ánimo (depresión, ansiedade e apatía).
- Axitación (agresividade, irritabilidade, inquietude, gritos e deambular errático).
- Síntomas psicóticos (alucinacións visuais, auditivas e delirios).

O curso máis habitual das demencias é o inicio de síntomas mnésicos, con deterioración na capacidade atencional ou de concentración. Non é infrecuente, que co avance da síndrome (meses/ anos) aparezan alteracións condutuais que empeoran notablemente o pronóstico e aumentan a carga da enfermidade. Ditas alteracións poden estar en relación con múltiples factores polo que ante o inicio delas o máis importante é descartar que poida estar concorrendo algún proceso subxacente (infección, retención urinaria, fármacos...).

Causas médicas que poden desencadear un cadro de axitación:

- | | |
|--|---|
| - Presenza de dor | - Deshidratación |
| - Estrinximento | - Descompensación dunha cardiopatía crónica |
| - Infección (principalmente respiratoria o urinaria) | - Descompensación dunha enfermidade renal crónica |
| - Fame | - Efecto secundario dun medicamento |

En ocasións, a axitación pode prolongarse días ou semanas despois da corrección da causa desencadeante, polo que, nestes casos é necesario ampliar a abordaxe.

Cando nun paciente con demencia moderada-grave se orixina un cadro brusco de axitación con ou sen agresividade e/ou síntomas psicóticos, este pode non estar relacionado directamente coa fisiopatoloxía da enfermidade e deberse a outras causas médicas. Require por tanto non só dun tratamento farmacolóxico específico, senón dun tratamento sobre a causa orgánica subxacente.

Por outra parte, os anciáns con demencia son unha das poboacións de maior risco de presentar efectos secundarios a fármacos, polo que se recomenda realizar unha revisión sistemática da medicación, buscando:

- Medicamentos que poden orixinar axitación e/ou delirio.
- Medicamentos que poden orixinar causa médica (estrinximento, deshidratación, descompensación da insuficiencia cardíaca, enfermidade renal crónica, etc.)
- Medicamentos que poden empeorar a función cognitiva

A maior parte das guías clínicas e protocolos para o tratamento dos síntomas psicolóxicos e condutuais nos pacientes con demencia aconsellan como primeira elección os tratamentos non farmacolóxicos. As intervencións non farmacolóxicas están, principalmente, encamiñadas a mellorar o contorno ambiental e evitar cambios innecesarios neste, establecer hábitos nas actividades da vida diaria, medidas de hixiene do sono, estimulación do exercido físico, terapia ocupacional, terapla de estimulación cognitiva, terapia de estimulación sensorial (musicoterapia), mellorar a comunicación coidador-paciente, etc.)



II) TRATAMENTO FARMACOLÓXICO DAS ALTERACIÓNS CONDUTUAIS ASOCIADAS Á DEMENCIA

No caso de que estas medidas non farmacolóxicas teñan resultados ineficaces, ou a urxencia e gravidade dos síntomas o requiran, propóñense diferentes alternativas farmacolóxicas en función da intensidade da alteración e da etioloxía psicopatolóxica desta.

ANTIDEPRESIVOS: A evidencia dispoñible para o tratamento da depresión na demencia, especialmente máis alá das 12 semanas, é de calidade variable e non proporciona un forte apoio á eficacia dos antidepressivos. Respecto ao tratamento da axitación na demencia, en dous estudos os ISRSs sertralina e citalopram asociáronse cunha redución dos síntomas da axitación en comparación con placebo. Ao parecer os ISRS e a trazodona toléranse razoablemente ben comparados con placebo, antipsicóticos típicos e antipsicóticos atípicos.

ANTIPSIKÓTICOS: A evidencia sobre o uso de antipsicóticos para o tratamento das alteracións condutuais asociadas á demencia favorece a risperidona, con niveis de evidencia máis baixos para quetiapina.

Haloperidol está indicado no tratamento da agresividade persistente e os síntomas psicóticos en pacientes con demencia tipo alzhéimer moderada ou grave e demencia vascular que non responde a tratamentos non farmacolóxicos e cando hai risco de que o paciente se dane a si mesmo ou a outros. Polos seus efectos adversos extrapiramidais e sedación a doses menores que as que se necesitan para reducir a agresividade, e maior risco de mortalidade respecto aos antipsicóticos atípicos neste tipo de pacientes, ten limitado o seu uso a situacións de urxencia (delirium ou axitación moi grave).

Risperidona está indicado no tratamento a curto prazo (ata 6 semanas) da agresividade persistente que pode aparecer en pacientes con demencia de tipo alzhéimer de moderada a grave que non responden a outras medidas non farmacolóxicas e cando hai un risco de dano para eles mesmos ou para os demais.

A pesar de que **quetiapina** non dispón da indicación autorizada para o tratamento das alteracións condutuais da demencia e da falta de ensaios clínicos pivotais que avalen esa indicación, na práctica clínica o uso de quetiapina está estendido debido a un perfil de seguridade máis favorable a doses baixas con respecto a risperidona, caracterizándose por un menor risco de efectos extrapiramidais (a doses < 200 mg), e unha maior somnolencia/sedación.

Neste contexto fanse as seguintes recomendacións:

1. Para casos leves de axitación podería valorarse iniciar tratamento con ISRS (preferentemente Sertralina).
2. Risperidona considérase que pode ser unha alternativa preferente para o control da axitación con agresividade e/ou síntomas psicóticos en demencia tipo alzhéimer, demencia vascular ou mixta, e demencia frontotemporal/frontal, polo seu maior nivel de evidencia científica e menor custo.
3. Considérase que Quetiapina é de elección en demencia por corpos de lewy e demencia asociada a enfermidade de Parkinson, e unha alternativa adecuada a risperidona en demencia tipo alzhéimer, demencia frontotemporal/frontal, demencia vascular ou mixta, no tratamento de alteracións condutuais moderadas/graves e incapacitantes.

Non obstante, debe terse en conta que as guías de práctica clínica e recomendacións actuais para os pacientes con demencia reservan o uso de antipsicóticos para os pacientes nos que se estime que o beneficio sexa maior que o risco, que non responden a medidas non farmacolóxicas e cando hai un risco de dano para eles ou para os demais.



II.1 QUETIAPINA: CRITERIOS EXCEPCIONAIS DE USO EN CONDICIÓN DIFERENTES ÁS AUTORIZADAS

Considérase adecuado a utilización de quetiapina, como alternativa a outros antipsicóticos con indicación aprobada, no marco do *Real Decreto 1015/2009, do 19 de xuño, polo que se regula a dispoñibilidade de medicamentos en situacións especiais*, para casos estritamente necesarios de pacientes diagnosticados de demencia no que primen as **alteracións condutuais moderadas/graves e incapacitantes, que cumpran os seguintes criterios:**

Tratamento dos síntomas psicóticos e/ou agresividade ou axitación moderada/ grave e persistente, en pacientes diagnosticados de demencia (**tipo Enfermidade de alzhéimer, demencia fronto-temporal/frontal, demencia vascular ou mixta, demencia por corpos de Lewy e demencia asociada a enfermidade de Parkinson**) por un facultativo do Sistema Nacional de Salud, nos que os síntomas non remitan coas medidas non farmacolóxicas habituais, e que resulten moi incapacitantes ou poñan en risco o paciente e/ou os que o rodean.

II.2 RECOMENDACIÓNS PARA O INICIO E SEGUIMENTO DO TRATAMENTO CON QUETIAPINA

Cando se administre Quetiapina a un paciente con alteracións condutuais asociadas á demencia deben terse en conta as seguintes consideracións:

1. Antes de iniciar o tratamento debe revisarse que outros medicamentos está a tomar o paciente para evitar posibles interaccións. **No caso de que o paciente tivese prescrito outro antipsicótico deberá evitarse a combinación.**
2. **Os antipsicóticos deben iniciarse á dose mínima dispoñible e con un seguimento estreito do paciente co obxectivo de usar a dose mínima eficaz, durante o menor tempo posible e vixiar os posibles efectos adversos (incluída a perda de función cognitiva):**
 - Iniciar cunha dose de 25 mg preferentemente pola noite, xa que estas alteracións maniféstanse tipicamente a partir das 6 -7 da tarde co descenso da luz solar.
 - En caso de non resultar unha dose eficaz, pode axustarse cada 3-4 días en función da clínica (aumentos progresivos de 25 mg, ata chegar a unha dose máxima diaria orientativa de 250 mg).
 - A toma será preferentemente nocturna, pero no caso de que as alteracións sexan durante o día pódese repartir en varias tomas.
 - Considérase, en xeral, que as formas de liberación prolongada de quetiapina non teñen unha farmacocinética adecuada para o seu uso neste contexto.
3. **Reavaliación da dose e a eficacia do tratamento**
 - Débese revisar inicialmente o tratamento tras 1 e 2 semanas da prescripción.
 - En caso de cambio de dose, convén revisalo cada 2-3 semanas.
 - En fase de mantemento aconséllase revisar cada 3 meses ou como máximo cada 6.
4. **Reavaliación da necesidade de tratamento e valoración da discontinuación:** Unha revisión Cochrane de 2013 (9 ensaios clínicos aleatorizados en pacientes institucionalizados con enfermidade de Alzheimer) concluíu que os pacientes con demencia estabilizados por un mínimo de 3 meses con antipsicóticos para o tratamento dos síntomas condutuais e psicolóxicos da demencia, a retirada gradual do antipsicótico non empeorou os síntomas en comparación a aqueles que continúan tomado neurolépticos. Non se observaron cambios na cognición, mortalidade e calidade de vida. Os datos de seguimento da mortalidade a longo prazo do estudo DART- AD indicaron que a suspensión dos antipsicóticos asociouse cunha redución da mortalidade aos 12, 24 e 36 meses.



Sistema nervioso

Recomendacións:

- Podería valorarse facer unha proba de discontinuación do tratamento en pacientes con demencia a tratamento antipsicótico fronte a síntomas condutuais, nos que este tratamento leve polo menos 3 meses instaurado e os síntomas estean estabilizados ou, polo contrario, non se observa unha resposta adecuada despois de 2-4 semanas. Así mesmo, os pacientes que estean sufrindo efectos adversos derivados do tratamento antipsicótico tamén poden beneficiarse dunha redución de dose ou retirada.
- Recoméndase un seguimento estreito do paciente e facer unha retirada lenta e progresiva: reducir un 25% da dose orixinal cada semana, e interromper ao chegar á dose mínima segundo as formas de dosificación dispoñibles.

Os pacientes con síntomas condutuais graves, con doses altas e uso prolongado de antipsicóticos poden necesitar unha redución máis lenta e seguimento estreito, cun plan que saliente o tratamento non farmacolóxico concomitante.

- Se reaparecen os síntomas, recoméndase insistir nas medidas non farmacolóxicas e revisar os factores e medicamentos potencialmente desencadeantes. Sempre se ten a opción de reiniciar o tratamento á menor dose eficaz posible. Se isto ocorre, podemos facer un novo intento de discontinuación máis lento (reducir un 10% da dose cada 1-2 semanas) pasados 3 meses, coa idea de facer, polo menos, 2 intentos en cada paciente.




















É importante e necesario que o proceso de suspensión do tratamento sexa pactado e consensuado coa familia e/ou cuidadores.

Estas recomendacións de prescrición son extensibles a pacientes anciáns sen demencia e sen antecedentes de enfermidade psiquiátrica aos que se lles prescribe antipsicótico por síndrome confusional agudo.

	 Principio activo	 Presentación	Vía  Observacións	Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH 	Condicións especiais de conservación e período de validez 	 Consellos de administración
N05AA Fenotiazinas con cadea lateral alifática	LEVOMEPROMAZINA	25 mg/1 mL ampolas	IM  MARC		 Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz	Vía IM: Despois da administración o paciente debe permanecer deitado durante polo menos 1 h para evitar hipotensión.
		25 mg comprimidos 100 mg comprimidos	ORAL  MARC Precaución: Evitar uso crónico. Non utilizar como tratamento de primeira liña xa que existen alternativas terapéuticas con mellor perfil de eficacia e seguridade.			Administrar con alimentos, agás lácteos e derivados. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en auga. Compatibilidade NE: Non, administrar 1 h antes ou 2 h despois da NE.
		40 mg/mL gotas orais	ORAL  MARC Precaución: Evitar uso crónico. Non utilizar como tratamento de primeira liña xa que existen alternativas terapéuticas con mellor perfil de eficacia e seguridade.		 Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz O período de validez unha vez aberto o envase é de 6 meses	Administrar con alimentos, agás lácteos e derivados. 1 mL = 40 gotas; 1 gota = 1 mg. Administración por sonda: Si, de elección. Diluír en 15 mL de auga. Compatibilidade NE: Non, administrar 1 h antes ou 2 h despois da NE.










Sistema nervioso



	 Principio activo	 Presentación	Vía	 Observacións	Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH	 Condicións especiais de conservación e período de validez	 Consellos de administración
N05AD Derivados da butirofenona	HALOPERIDOL	5 mg/1 mL ampolas	IM	 MARC		 Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz	Administrar en glúteo.
		10 mg comprimidos	ORAL	 MARC			Administrar con ou sen alimentos. Con alimentos mellora a tolerancia gastrointestinal. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 10 mL de auga. Compatibilidade NE: Non, administrar 1 h antes ou 2 h despois da NE.
		2 mg/mL gotas orais	ORAL	 MARC			Administrar con ou sen alimentos. Con alimentos mellora a tolerancia gastrointestinal. 1 mL = 20 gotas; 1 gota = 0,1 mg Administración por sonda: Si, de elección. Diluír en 15 mL de auga e administrar inmediatamente. Compatibilidade NE: Non, administrar 1h antes ou 2 h despois da NE.
N05AE Derivados do indol	ZIPRASIDONA	20 mg cápsulas 40 mg cápsulas 60 mg cápsulas 80 mg cápsulas	ORAL	 MARC 			Administrar con alimentos. Tomar a cápsula enteira, sen mastigar. Administración por sonda: Non. MP CONSULTAR RECOMENDACIÓNS DE MANIPULACIÓN DA ÁREA SANITARIA
N05AF Derivados do tioanteno	ZUCLOPENTIXOL	20 mg/mL gotas orais	ORAL	 MARC		 Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz  Conservar en neveira (2 °C - 8 °C) Non conxelar O período de validez unha vez aberto o envase é de 6 semanas	Administrar con ou sen alimentos. Administrar preferentemente pola noite. 1 mL = 20 gotas; 1 gota = 1 mg Administración por sonda: Si, diluír en 10 mL de auga e administrar inmediatamente. Compatibilidade NE: Si.



















Sistema nervioso



	 Principio activo	 Presentación	Vía	 Observacións	Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH	 Condicións especiais de conservación e período de validez	 Consellos de administración
N05AH Diazepinas, oxazepinas e tiazepinas	OLANzapina	2,5 mg comprimidos 5 mg comprimidos 7,5 mg comprimidos	ORAL	 MARC 	 		Administrar con ou sen alimentos. Administración por sonda: Si, pulverizar finamente e dispersar en 20 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.
		5 mg comprimidos bucodispersables 10 mg comprimidos bucodispersables	ORAL	 MARC 	 		Administrar con ou sen alimentos, sempre á mesma hora. Administrar inmediatamente despois de abrir o <i>blister</i> . Colocar o comprimido na boca, onde se dispersará axiña coa saliva, co que se tragan facilmente. Administración por sonda: Si, de elección. Dispersar nun pouco de auga. Compatibilidade NE: Si.
	QUETiapina	25 mg comprimidos 100 mg comprimidos 200 mg comprimidos 300 mg comprimidos	ORAL	 MARC 			Administrar con ou sen alimentos. Administración por sonda: Si, pulverizar finamente e dispersar en 20 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.
		50 mg comprimidos liberación prolongada 150 mg comprimidos liberación prolongada 200 mg comprimidos liberación prolongada 300 mg comprimidos liberación prolongada	ORAL	 MARC 			Administrar sen alimentos. Os comprimidos non se poden partir. Administración por sonda: Non. Compatibilidade NE: Non.

Sistema nervioso



	 Principio activo	 Presentación	Vía	 Observacións	Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH	 Condicións especiais de conservación e período de validez	 Consellos de administración
N05AL Benzamidas	SULPIRIDA	100 mg/2 mL ampolas	IM	 MARC		 Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz	
		50 mg cápsulas	ORAL	 MARC			Administrar sen alimentos. Administración por sonda: Si, abrir a cápsula e dispersar en 20 mL de auga. Compatibilidade NE: Non, administrar 1h antes ou 2 h despois da NE.
	TIAPRIDA	100 mg/2 mL ampolas	IM/IV	 MARC			
		100 mg comprimidos	ORAL	 MARC			Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 20 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.
		12 mg/mL gotas orais	ORAL	 MARC			Administración por sonda: Si, diluír en 15 mL de auga e administrar inmediatamente. Compatibilidade NE: Si.
	N05AN Litio	LITIO	400 mg comprimidos liberación modificada	ORAL	Medicamento de estreita marxe terapéutica, recoméndase monitorización de niveis plasmáticos.		 Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz

Sistema nervioso



	Principio activo	Presentación	Vía	Observacións	Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH	Condições especiais de conservación e período de validez	Consellos de administración
N05AX Outros antipsicóticos	ARIPiprazol	5 mg comprimidos 10 mg comprimidos 15 mg comprimidos	ORAL	MARC 			Administrar con ou sen alimentos. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar nun pouco de auga. Compatibilidade NE: Si.
		1 mg/mL solución oral	ORAL	MARC 		0 período de validez unha vez aberto o envase é de 6 meses	Administrar con ou sen alimentos. Administración por sonda: Si, de elección, disolver en 20 mL de auga e administrar inmediatamente. Compatibilidade NE: Si.
	PALIPERIDONA	3 mg comprimidos liberación prolongada 6 mg comprimidos liberación prolongada 9 mg comprimidos liberación prolongada	ORAL	MARC 			Administrar con ou sen alimentos. Tomar o comprimido enteiro, sen mastigar. Administración por sonda: Non. ^{INHST} 2016 CONSULTAR RECOMENDACIÓNS DE MANIPULACIÓN DA ÁREA SANITARIA
		risperidONA	1 mg comprimidos 3 mg comprimidos	ORAL	MARC 	 	
	0,5 mg comprimidos bucodispersables 1 mg comprimidos bucodispersables 2 mg comprimidos bucodispersables 3 mg comprimidos bucodispersables 4 mg comprimidos bucodispersables		ORAL	MARC 	 	 Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz	Administrar con ou sen alimentos. Administración por sonda: Non. ^{INHST} 2016 CONSULTAR RECOMENDACIÓNS DE MANIPULACIÓN DA ÁREA SANITARIA
	1 mg/mL solución oral		ORAL	MARC 	 	0 período de validez unha vez aberto o envase é de 3 meses	Administrar con ou sen alimentos. Administración por sonda: Si, de elección. Disolver en auga e administrar inmediatamente. Compatibilidade NE: Si. ^{INHST} 2016 CONSULTAR RECOMENDACIÓNS DE MANIPULACIÓN DA ÁREA SANITARIA



N05B

Ansiolíticos

A maioría de medicamentos utilizados como ansiolíticos ou hipnóticos son as **benzodiazepinas** ou medicamentos que actúan coma elas.

Tratamento do trastorno de ansiedade xeneralizada	→ Os ansiolíticos son considerados tratamentos de segunda liña no trastorno de ansiedade xeneralizada; utilízanse como coadxuvantes no control rápido dos síntomas e mentres se espera resposta ás vantaxes do tratamento con antidepressivos ou á terapia cognitivo-condutual. A duración do tratamento non debe superar as 2-4 semanas, pola posibilidade de inducir tolerancia, dependencia e risco de aparición de efectos secundarios como deterioración cognitiva, caídas, delirios e risco de fractura.
Tratamento da crise de ansiedade	→ Recoméndase empregar benzodiazepinas de rápido inicio de acción e duración de acción curta. De elección: alprazolam.
Tratamento do insomnio	→ O tratamento con ansiolíticos débese iniciar cando fracasan as medidas non farmacolóxicas e cando afecta gravemente ás actividades da vida diaria do paciente. A duración do tratamento debe ser o máis curta posible, máximo 4 semanas, incluído o tempo necesario para a retirada gradual do medicamento. As pautas de administración descontinua, intermitente ou a demanda, poden ser igual de efectivas que unha pauta diaria, cunha mellor relación beneficio/risco.

De xeito xeral, o **tratamento con benzodiazepinas** debe ter en conta os seguintes aspectos:

- Débense **seleccionar benzodiazepinas que non sufran biotransformación hepática e que non se acumulen**. Os pacientes maiores a tratamento con benzodiazepinas de acción prolongada teñen maior risco de caídas que os que toman benzodiazepinas de acción curta ou intermedia. Polo tanto, neste grupo de poboación **recoméndase** utilizar **benzodiazepinas de acción curta ou intermedia, sen metabolitos activos e con mínima acción sedativa**.
- **As doses débense axustar progresivamente**. En xeral, considérase que a dose en pacientes maiores debe ser a metade que no caso dos adultos novos, utilizando sempre as doses máis baixas posibles para evitar a aparición de efectos adversos (deterioración cognitiva, caídas, delirios, risco de fractura, etc.).
- **Recoméndanse tratamentos de curta duración**.
- **A suspensión do tratamento débese realizar de xeito gradual** para evitar a aparición de síntomas de rebote. Estes síntomas inclúen: exacerbación da ansiedade, decaemento e alteración da percepción-confusión.



Sistema nervioso

Principio activo

Presentación

Vía Observacións

Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH

Condicións especiais de conservación e período de validez

Consellos de administración

N05BA

Ansiolíticos:
Derivados da benzodiacepina

ALPRAZolam

0,25 mg comprimidos
0,5 mg comprimidos
1 mg comprimidos

ORAL

MARC
 P

Administrar con ou sen alimentos.
Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 20 mL de auga.
Compatibilidade NE: Si.

0,75 mg/mL gotas orais

ORAL

MARC
 P

0 período de validez unha vez aberto o envase é de **3 meses**

Administrar con ou sen alimentos.
10 gotas = 0,25 mg
Administración por sonda: Si, de elección. Disolver en auga e administrar inmediatamente.
Compatibilidade NE: Si.

BROMAZEPAM

1,5 mg cápsulas
3 mg cápsulas

ORAL

MARC
 P

Administrar con ou sen alimentos.
Administración por sonda: Si, abrir a cápsula e dispersar en 10 mL de auga.
Compatibilidade NE: Si.

CLORAZEPATO DE POTASIO

5 mg cápsulas
10 mg cápsulas
15 mg cápsulas

ORAL

MARC
 P

Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz

Administrar con ou sen alimentos.
Administración por sonda: Si, abrir a cápsula e dispersar en 10 mL de auga.
Compatibilidade NE: Si.

diazePAM

10 mg/2 mL ampolas

IM/IV

MARC
 P

Vía IV: Directa, velocidade máxima 5 mg/min. Unha administración excesivamente rápida pode conducir a apnea.
Perfusión IV: 100 mL SG5% ou SSF.
Non usar PVC.
Vía IM: Profunda.

5 mg comprimidos

ORAL

MARC
 P

Administrar con ou sen alimentos.
Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 10 mL de auga.
Compatibilidade NE: Si.

2 mg/mL gotas orais

ORAL

MARC
 P

Administrar con ou sen alimentos.
40 gotas = 2 mg
Administración por sonda: Si, de elección. Administrar directamente.
Compatibilidade NE: Si.














10 mg microenemas

RECTAL

MARC
 P

Sistema nervioso



	 Principio activo	 Presentación	Vía	 Observacións	Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH	 Condicións especiais de conservación e período de validez	 Consellos de administración
	LORazepam	1 mg comprimidos 5 mg comprimidos	ORAL	 MARC  P			Administrar con ou sen alimentos. Administración por sonda: Si, pulverizar finamente e dispersar en 10 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.
N05BB Derivados do difenilmetano	hidrOXizina 	25 mg comprimidos	ORAL	Utilización en pacientes con prurito intenso e refractario a outros antihistamínicos.		 Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz	Administrar con ou sen alimentos. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 10 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.
		2 mg/mL xarope	ORAL	Utilización en pacientes con prurito intenso e refractario a outros antihistamínicos.		 Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz	Administrar con ou sen alimentos. Administración por sonda: Si, de elección. Diluír en auga e administrar inmediatamente. Compatibilidade NE: Si (Sonda nasoxeunaxial e xexunostomía percutánea endoscópica, pode precipitar polo seu baixo pH).

Sistema nervioso



Principio activo



Presentación



ORAL



Observación

Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH



Condiciones especiales de conservación e período de validez



Consellos de administración

N05CD

Hipnótico-sedantes:
Derivados da benzodiazepina

LORMETAZEPAM

1 mg comprimidos
2 mg comprimidos

ORAL



MARC

P



Condiciones especiales de conservación e período de validez

Administrar con ou sen alimentos preferiblemente pola noite.
Administración por sonda: Si, dispersar en 10 mL de auga.
Compatibilidade NE: Non, administrar 1 h antes da NE.

2,5 mg/mL gotas orais

ORAL



MARC

P



Administrar con ou sen alimentos, preferiblemente pola noite.
10 gotas = 1 mg
Administración por sonda: Si, de elección. Diluír en auga e administrar inmediatamente.
Compatibilidade NE: Non, administrar 1h antes da NE.

MIDAZOLAM

7,5 mg comprimidos

ORAL



MARC

P



Administrar con ou sen alimentos, preferiblemente pola noite.
Administración por sonda: Si, dispersar en 10 mL de auga.
Compatibilidade NE: Non, administrar 1h antes da NE.

Equivalentes
terapéuticos

	Duración CURTA (< 6 h)		Duración INTERMEDIA (6-24 h)		Duración PROLONGADA (> 24 h)	
	Principio activo	Dose equivalente	Principio activo	Dose equivalente	Principio activo	Dose equivalente
Inicio RÁPIDO (< 1 h)	Midazolam	7,5 mg	Lorazepam ⁽¹⁾	0,5-1 mg	Diazepam ⁽²⁾	5 mg
			Lormetazepam ⁽²⁾	1 mg	Flurazepam	15 mg
Inicio INTERMEDIO (1-2 h)	Brotizolam Triazolam	0,5 mg 0,25 mg	Alprazolam (liberación normal)	0,5 mg	Clorazepato de potasio Diazepam ⁽²⁾	7,5 mg 5 mg
			Bromazepam Lorazepam ⁽¹⁾ Lormetazepam ⁽²⁾	3 mg 0,5-1 mg 1 mg		
Inicio LENTO (> 2 h)			Alprazolam (liberación prolongada) Loprazolam	0,5mg	Clobazam Ketazolam Pinazepam Quazepam	10 mg 10 mg 5 mg 15 mg
				1 mg		

A equivalencia está referida ás formas farmacéuticas de administración vía oral.













Información de parámetros farmacocinéticos a partir de Micromedex® e ficha técnica: inicio de acción, tempo en alcanzar a concentración plasmática máxima (T_{máx}); duración de acción, semivida de eliminación (t_{1/2}).

(1) T_{máx} pode variar segundo as presentacións dende 45 min ata 2 h.

(2) T_{máx} pode variar segundo as presentacións dende 30 min ata 2 h.

Sistema nervioso



	 Principio activo	 Presentación	Vía  Observacións	Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH 	 Condicións especiais de conservación e período de validez	 Consellos de administración					
N05CF Fármacos relacionados coas benzodicepinas 	ZOLPIDEM 	5 mg comprimidos	ORAL  MARC 			Administrar con ou sen alimentos, preferiblemente pola noite. Administración por sonda: Si, pulverizar finamente e dispersar en 10 mL de auga. Compatibilidade NE: Non, administrar 1h antes da NE.					
	<table border="1"> <thead> <tr> <th>Zolpidem</th> <th>Zopiclona</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>5 mg</td> <td>7,5 mg</td> </tr> <tr> <td>10 mg</td> <td></td> </tr> </tbody> </table>	Zolpidem	Zopiclona	5 mg	7,5 mg	10 mg					
Zolpidem	Zopiclona										
5 mg	7,5 mg										
10 mg											
N05CM Outros hipnóticos e sedantes	cloMETIazol	192 mg cápsulas	ORAL			Administrar con ou sen alimentos. Tomar a cápsula enteira, sen mastigar. Administración por sonda: Non administrar, o contido da cápsula pode obstruír a sonda.					

N06

Psicoanalépticos

Tratamento da **depresión**:

- **Os síntomas depresivos** na poboación anciá teñen unha incidencia elevada. A depresión altera a calidade de vida, aumenta a incapacidade e, con frecuencia, asóciase a alteracións cognitivas, especialmente da memoria.
- A elección do antidepressivo débese basear no perfil de efectos adversos, nas interaccións con outros medicamentos, nas enfermidades concomitantes, na resposta previa a tratamentos anteriores, na propensión a causar síntomas de discontinuación, na seguridade no caso de sobredose e na eficiencia.
- **Os antidepressivos tricíclicos considéranse contraindicados** en poboación anciá. Recoméndase evitar os antidepressivos que producen sedación, con elevados efectos anticolinéxicos, con tendencia a producir hipotensión e os cardiotoxicos.
- Recoméndase utilizar a metade da dose que a utilizada en adultos novos e avaliar a resposta ás 2-4 semanas de iniciado o tratamento. Unha vez remitidos os síntomas, o tratamento débese manter durante 9-12 meses e, posteriormente, a súa retirada débese facer de xeito gradual.

Tratamento do **trastorno de ansiedade xeneralizada**

- **Os inhibidores selectivos da recaptación de serotonina (ISRS)** son considerados os medicamentos de elección. As benzodiazepinas poderían ser de utilidade a curto prazo ao inicio do tratamento ou no tratamento das reagudizacións, podendo empregarse conxuntamente con ISRS ata que estes comecen a actuar.



Principio activo



Presentación



Vía



Observacións

Consultar **ficha técnica** en caso de IR e/ou IHCondicions especiais de **conservación** e período de **validez**

Consellos de administración

N06AA

Inhibidores non selectivos da recaptación de monoaminas

AMITRIPTILINA

10 mg comprimidos
25 mg comprimidos
75 mg comprimidos

ORAL

Utilización no tratamento da dor crónica neuropática.

Condicions especiais de **conservación** e período de **validez**

Consellos de administración

Administrar coas comidas para mellorar a tolerancia gastrointestinal.

Administración por sonda: Si, pulverizar finamente e dispersar en 10 mL de auga.

Compatibilidade NE: Si.

Sistema nervioso



Principio activo



Presentación



Vía



Observacións

Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH



Condicions especiais de conservación e período de validez



Consellos de administración

N06AB

Inhibidores selectivos da recaptación de serotonina

PARoxetina

20 mg comprimidos

ORAL



Administrar co almorzo, nunha única toma.

MP CONSULTAR RECOMENDACIÓNS DE MANIPULACIÓN DA ÁREA SANITARIA

SERTRALINA

50 mg comprimidos
100 mg comprimidos

ORAL



Administrar con ou sen alimentos.

Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersa nun pouco de auga.**Compatibilidade NE:** Si.

20 mg/mL gotas orais

ORAL

0 período de validez unha vez aberto o envase é de **28 días**

Administrar con ou sen alimentos.

Administración por sonda: Si, de elección, diluír en 10 mL de auga e administrar inmediatamente.**Compatibilidade NE:** Si.

CITALOPRAM

20 mg comprimidos

ORAL



Administrar con ou sen alimentos.

Administración por sonda: Si, pulverizar finamente e dispersar en 10 mL de auga.**Compatibilidade NE:** Si.

Citalopram

10 mg
20 mg*

Escitalopram













5 mg
10 mg*

* Dose máxima en pacientes maiores de 65 anos

Equivalentes terapéuticos

Sistema nervioso



	 Principio activo	 Presentación	Vía	 Observacións	Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH	 Condicións especiais de conservación e período de validez	 Consellos de administración
N06AX Outros antidepressivos	DULoxetina	30 mg cápsulas 60 mg cápsulas	ORAL			 Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz	Administrar con ou sen alimentos. Tomar a cápsula enteira, sen mastigar. Administración por sonda: Si, abrir e dispersar en 10 mL de bicarbonato sódico 1M (non triturar o granulado). Compatibilidade NE: Si.
	MIRTAZAPINA	15 mg comprimidos bucodispersables 30 mg comprimidos bucodispersables	ORAL			 Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz	Administrar con ou sen alimentos. Administración por sonda: Si, utilizar unha técnica de dispersión de comprimidos. Compatibilidade NE: Si.
	traZODona	100 mg comprimidos	ORAL				Administrar preferiblemente despois das comidas. Administración por sonda: Si, pulverizar finamente e dispersar en 10 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.
	VENLAFAXINA	37,5 mg cápsulas liberación prolongada 75 mg cápsulas liberación prolongada 150 mg cápsulas liberación prolongada	ORAL				Administrar con alimentos. Tomar a cápsula enteira, sen mastigar. Administración por sonda: Non, cambiar por presentación de liberación inmediata.
		37,5 mg comprimidos 50 mg comprimidos 75 mg comprimidos	ORAL				Administrar con alimentos. Administración por sonda: Si, utilizar unha técnica de dispersión de comprimidos. Compatibilidade NE: Si.

N06D















Fármacos antidepresión

Tratamento da enfermidade de Alzheimer: os medicamentos dispoñibles actúan ralentizando o curso da enfermidade, melloran a capacidade cognitiva e diminúen as manifestacións clínicas e as complicacións psiquiátricas desta.

- Durante o tratamento con inhibidores da acetilcolinesterase, cómpre ter especial precaución en pacientes con alteracións da condución cardíaca (bradicardias, intervalo QT prolongado, arritmias, antecedentes de síncope) polo seu efecto vagotónico.
- É importante destacar que os inhibidores da colinesterase son medicamentos implicados frecuentemente na "prescripción en fervenza", xa que entre os seus efectos secundarios poden producir incontinencia ou diarrea, que non se identifican como tal, para os que se prescriben novos medicamentos co fin de tratar a aparición de síntomas.
- Recoméndase reavaliar periodicamente o beneficio do tratamento. Débese considerar á súa interrupción cando, unha vez esgotadas todas as liñas terapéuticas, a función cognitiva se atopa profundamente alterada e o paciente está encamado ou totalmente dependente para as actividades da vida diaria.

Sistema nervioso



	 Principio activo	 Presentación	Vía	 Observacións	Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou LH	 Condicións especiais de conservación e período de validez	 Consellos de administración
N06DA Anticolinesterases	DONEPEZILO	5 mg comprimidos 10 mg comprimidos	ORAL	DH			Administrar con ou sen alimentos, preferentemente pola noite. Administración por sonda: Si, pulverizar finamente e dispersar en 10 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.
	GALANTAMINA	8 mg cápsulas liberación prolongada 16 mg cápsulas liberación prolongada 24 mg cápsulas liberación prolongada	ORAL	DH			Administrar coas comidas. Tomar a cápsula enteira, sen mastigar. Administración por sonda: Non.
		4 mg/mL solución oral	ORAL	DH		0 período de validez unha vez aberto o envase é de 3 meses	Administrar coas comidas. Administración por sonda: Si, diluír en auga e administrar inmediatamente. Compatibilidade NE: Si.
	RIVASTIGMINA	2 mg/mL solución oral	ORAL	DH		0 período de validez unha vez aberto o envase é de 1 mes	Administrar coas comidas. Administración por sonda: Si, diluír en auga e administrar inmediatamente. Compatibilidade NE: Si.
		4,6 mg/24 h parches transdérmicos (9 mg) 9,5 mg/24 h parches transdérmicos (18 mg) 13,3 mg/24 h parches transdérmicos (27 mg)	TRANSDÉRMICA	DH		 Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz	Non aplicar o parche en coxa ou abdome por diminución da biodisponibilidade. Rotar a zona de aplicación do parche para evitar a aparición de reaccións locais na pel. Non cortar os parches.
N06DX Outros fármacos antidemencia	MEMANTINA	10 mg comprimidos 20 mg comprimidos	ORAL	DH			Administrar con ou sen alimentos. Administración por sonda: Si, pulverizar, dispersar en 20 mL de auga e administrar inmediatamente. Compatibilidade NE: Si.
		10 mg/mL solución oral	ORAL	DH		0 período de validez unha vez aberto o envase é de 3 meses	Administrar con alimentos (almorzo-cea). Administración por sonda: Si, diluír en auga e administrar inmediatamente. Compatibilidade NE: Si.
N07	Outros fármacos que actúan sobre o sistema nervioso						
N07CA Preparados contra a vertixe	BETAHISTINA	8 mg comprimidos 16 mg comprimidos	ORAL				Administrar preferentemente coas comidas. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 10 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.

Produtos antiparasitarios, insecticidas e repelentes



Principio activo



Presentación

Via



Observacións

Consultar **ficha técnica** en caso de IR e/ou IHCondicions especiais de **conservación** e período de **validez**

Consellos de administración

P01 Antiprotozoarios

P01AB

Derivados do nitroimidazol

metroNIDAZOL

250 mg comprimidos

ORAL



Non interfere con alimentos.

Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 20 mL de auga.**Compatibilidade NE:** Si.

125 mg/5 mL suspensión oral

ORAL

O período de validez unha vez aberto o envase é de **8 días**

Axitar antes de usar.

Non interfere con alimentos.

Administración por sonda: Si, de elección. Administrar directamente.**Compatibilidade NE:** Si.

P03 Ectoparasiticidas, incluíndo escabicidas, insecticidas e repelentes

P03AC

Piretrinas, incluíndo compostos sintéticos

PERMETRINA

5% crema

TÓPICA



Os cambios fisiolóxicos que se producen a nivel do aparello respiratorio durante o proceso de envellecemento levan consigo unha tendencia á enfisematización pulmonar, sendo frecuente a presenza de obstrución crónica ao fluxo aéreo, hiperreactividade bronquial e enfermidades pulmonares intersticiais difusas.

A vía inhalatoria é a vía de elección para administrar a maioría dos medicamentos empregados habitualmente no tratamento das enfermidades pulmonares obstrutivas debido á súa maior eficacia e aos seus menores efectos secundarios a nivel sistémico.

Actualmente, existen numerosos medicamentos e combinacións de medicamentos que se presentan comercializados nunha ampla variedade de dispositivos de inhalación. A selección do dispositivo de inhalación farase tendo en conta, por un lado, a adecuación clínica do medicamento e, por outro lado, as capacidades e habilidades do paciente (coordinación, fluxo inspiratorio, etc.).

Para máis información, pódese acceder ao "Ditame enfermidade pulmonar obstrutiva crónica (EPOC) tratamento inhadao. Recomendacións". Actualización 2021, a través do enlace



Resulta esencial instruír aos pacientes sobre como realizar a administración. Unha incorrecta técnica de inhalación pode reducir notablemente a cantidade de medicamento que chega aos pulmóns, que tería como consecuencia un mal control dos síntomas e un empeoramento da enfermidade respiratoria. Con frecuencia, os pacientes maiores non realizan a coordinación pulsación-inhalación de forma axeitada e presentan ausencia de fluxo inspiratorio. No caso de pacientes con deterioración cognitiva, é recomendable usar unha cámara espazadora con máscara facial, debido á incapacidade que presentan estes pacientes para lograr un selado firme arredor da boquilla.

Sistemas de administración para inhalación

Aerosol presurizado ou inhaladores de cartucho presurizado (ICP)

→ Non require fluxos inspiratorios altos pero exige un maior esforzo de coordinación que non está ao alcance de todos os pacientes, especialmente os anciáns. Cabe destacar a importancia da inhalación lenta e profunda cos cartuchos presurizados. Para mellorar a aplicación dos aerosois presurizados, é recomendable empregar cámaras de inhalación. O uso de cámaras de inhalación diminúe os impactos orofarínxeos e mellora o depósito pulmonar.

Inhaladores de po seco (DPI)

→ Actívanse coa inspiración. Estes dispositivos xorden como alternativa aos inhaladores de cartucho presurizado para solucionar os problemas de coordinación entre a activación do dispositivo e a inhalación; permiten o control de doses dispoñibles pero necesitan un fluxo inspiratorio de entre 30 e 60 L/min para favorecer o depósito central. Estes dispositivos presentan un elevado impacto orofarínxeo.

Tratamento nebulizador

→ Poderíase considerar o uso de tratamento nebulizado en enfermos cunha importante discapacidade para empregar inhaladores. Se se lle nebuliza por primeira vez un beta-2 adrenérxico a un paciente maior que padece unha enfermidade cardíaca, débese facer previamente un ECG, xa que ata nun 65 % dos casos prodúcense alteracións de ritmo cardíaco.



Principio activo



Presentación



Via Observacións

Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH



Condicions especiais de conservación e período de validez



Consellos de administración

R01 Preparados de uso nasal

R01AD

BUDESONIDA

64 mcg/dose suspensión pulverización nasal

NASAL

Corticosteroides

R03 Axentes contra padecementos obstructivos das vías respiratorias

R03AC

SALBUTAMOL

100 mcg/dose aerosol

INHALATORIA

Agonistas selectivos de receptores beta-2 adrenérxicos

Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz

2,5 mg/2,5 mL ampolas para nebulización

INHALATORIA

Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz

As ampolas deben usarse dentro dos **3 meses posteriores** á apertura do sobre de aluminio.

SALMETEROL

25 mcg/dose aerosol
50 mcg/dose po para inhalación

INHALATORIA

Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz

Equivalentes terapéuticos



Salbutamol	Formoterol
100 mcg 1 inh/6 h	4,5 mcg 1 inh/12 h
	Terbutalina
100 mcg 2 inh/6 h	500 mcg 1 inh/6 h

Salmeterol	Formoterol
50 mcg 1 inh/12 h	4,5 mcg 2 inh/12 h 9 mcg 1 inh/12 h 12 mcg 1 inh/12 h
50 mcg 2 inh/12 h	24 mcg/12 h
Salmeterol	Indacaterol
50 mcg 1 inh/12 h	150 mcg 1 inh/24 h
50 mcg 2 inh/12 h	300 mcg 1 inh/24 h

Salmeterol	Olodaterol
50 mcg 1 inh/12 h	2,5 mcg 2 inh/24 h

Sistema respiratorio



	 Principio activo	 Presentación	Vía	 Observacións	Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH	 Condicións especiais de conservación e período de validez	 Consellos de administración
R03AK Adrenérxicos e outros axentes contra padecementos obstructivos das vías respiratorias	FORMOTEROL/ BUDESONIDA	4,5/160 mcg/dose aerosol 4,5/160 mcg/dose po para inhalación 9/320 mcg/dose po para inhalación	INHALATORIA				
	SALMETEROL/ FLUTICASONA	25/250 mcg/dose aerosol 50/250 mcg/dose po para inhalación 50/500 mcg/dose po para inhalación	INHALATORIA				
 Equivalentes terapéuticos	Formoterol/Budesonida 4,5/160 mcg/12 h 9/320 mcg/12 h	Formoterol/Fluticasona 5/125 mcg/12 h 10/250 mcg/12 h			Salmeterol/Fluticasona 50/250 mcg 1 inh/12 h 50/500 mcg 1 inh/12 h	Vilanterol/Fluticasona 22/92 mcg 1 inh/24 h 22/184 mcg 1 inh/24 h	
R03AL Adrenérxicos en combinación con anticolinérxicos	BECLOMETASONA/ FORMOTEROL/ GLICOPIRRONIO BROMURO 	87/5/9 mcg/dose aerosol	INHALATORIA			 Conservar en neveira (2 °C - 8 °C) Non conxelar O período de validez en uso é de 2 meses	
	FLUTICASONA FUROATO/ UMECLIDINIO BROMURO/ VILANTEROL 	92/55/22 mcg/dose po para inhalación	INHALATORIA			O período de validez tras a apertura da bandexa é de 6 semanas	
	OLODATEROL/TIOTROPIO BROMURO	2,5/2,5 mcg/dose solución para inhalación	INHALATORIA			O período de validez en uso é de 3 meses	

Sistema respiratorio



Principio activo

Presentación

Vía Observacións

Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH

Condições especiais de conservación e período de validez

Consellos de administración

R03BA

Glicocorticoides

BUDESONIDA



200 mcg/dose aerosol
400 mcg/dose po para inhalación

INHALATORIA

0,5 mg/2 mL ampolas para nebulización

INHALATORIA



Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz

As ampolas deben usarse dentro dos **3 meses posteriores** á apertura do sobre de aluminio.

Equivalentes terapéuticos

Budesonida	Beclometasona	Ciclesonida	Fluticasona	Mometasona
200 mcg 1 inh/12 h	250 mcg 1 inh/12 h	160 mcg 1 inh/24 h	100 mcg 1 inh/12 h	200 mcg 1 inh/24 h
400 mcg 1 inh/12 h	250 mcg 2 inh/12 h	160 mcg 2 inh/24 h	250 mcg 1 inh/12 h	200 mcg 1 inh/12 h o 400 mcg 1 inh/24 h
200 mcg 2 inh/12 h	-	160 mcg 1 inh/12 h	250 mcg 1 inh/12 h	-
400 mcg 2 inh/12 h	-	160 mcg 2 inh/12 h	500 mcg 1 inh/12 h	400 mcg 1 inh/12 h

R03BB

Anticolinéxicos

IPRATROPIO BROMURO

20 mcg/dose aerosol
500 mcg/2 mL ampolas para nebulización

INHALATORIA

TIOTROPIO

18 mcg/dose po para inhalación

INHALATORIA



2,5 mcg/dose solución para inhalación

INHALATORIA












0 período de validez en uso é de **3 meses**

Equivalentes terapéuticos

Tiotropio	Aclidinio	Glicopirronio	Umeclidinio
10 mcg 1 inh/24 h (Contenido total de la cápsula: 18 mcg)	322 mcg 1 inh/12 h	44 mcg 1 inh/24 h	55 mcg 1 inh/24 h

Sistema respiratorio



	 Principio activo	 Presentación	Vía	 Observacións	Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH	 Condicións especiais de conservación e período de validez	 Consellos de administración
R03CC Agonistas selectivos de receptores beta-2 adrenérxicos	SALBUTAMOL 	2 mg/5 mL xarope	ORAL			 Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz En caso de dilución con auga purificada, a mestura resultante é estable 28 días protexida da luz	Administración por sonda: Si, disolver en auga ou zume de laranxa e administrar inmediatamente. Compatibilidade NE: Si.
		0,5 mg/1 mL ampolas	IM/SC/IV			 Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz	
R03DC Antagonistas do receptor de leucotrienos	MONTELUKAST	10 mg comprimidos	ORAL			 Conservar na embalaxe orixinal para protexelo da luz	Non interfere con alimentos. Administrar pola noite. Administración por sonda: Si, para os comprimidos recubertos (non comprimidos mastigables) pulverizar e dispersar en 10 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.
R05 Preparados para a tose e o arrefriado							
R05DA Alcaloides do opio e derivados	CODEÍNA	28,7 mg comprimidos	ORAL	 Financiamento selectivo: Pacientes neoplásicos con tose persistente.			Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 10 mL de auga. Compatibilidade NE: Si.
	DEXTROMETORFANO	15 mg/mL gotas orais	ORAL	 Financiamento selectivo: Pacientes neoplásicos con tose persistente.			Non interfere con alimentos. Administración por sonda: Si, diluír en auga e administrar inmediatamente. Compatibilidade NE: Si.



Principio activo



Presentación



Vía Observacións

Consultar ficha técnica en caso de IR e/ou IH



Condicions especiais de conservación e período de validez



Consellos de administración

R06

Antihistamínicos para uso sistémico

R06AB Alquilaminas substituídas	DEXCLORFENIRAMINA	5 mg/1 mL ampolas	IM/IV	Precaución en pacientes de idade avanzada que presentan: - Sensibilidade elevada a hipotensión ortostática, vertixes e sedación. - Estrinximento crónico. - Hipertrofia prostática eventual.		
R06AX Outros antihistamínicos para uso sistémico	loRAtadina	10 mg comprimidos	ORAL			Non interfere con alimentos. Administración por sonda: Si, pulverizar e dispersar en 10 mL de auga. Compatibilidade NE: Administrar 30 min antes da NE.
		1 mg/mL xarope	ORAL			Non interfere con alimentos. Administración por sonda: Si, diluír en auga e administrar inmediatamente. Compatibilidade NE: Administrar 30 min antes da NE.
	Loratadina	Bilastina	20 mg/24 h			
	10 mg/24 h	Cetirizina	10 mg/24 h			
		Desloratadina	5 mg/24 h			
		Ebastina	10-20 mg/24 h			
		Fexofenadina	180 mg/24 h			
		Levocetirizina	5 mg/24 h			
		Mizolastina	10 mg/24 h			
		Rupatadina	10 mg/24 h			

Equivalentes terapéuticos



Os cambios fisiolóxicos que teñen lugar no paciente ancián afectan tamén aos órganos dos sentidos.


- **A nivel auditivo**, prodúcese dexeneración do nervio auditivo, engrosamento da membrana timpánica, incremento cartilaxinoso do pavillón auricular e diminución da capacidade de audición.
- **A nivel da visión**, diminúe a velocidade de movemento ocular, a transparencia e a elasticidade do cristalino, a agudeza visual, prodúcese perda de visión periférica ou cambios na secreción lacrimal con tendencia á xeroftalmía. Con frecuencia, estes cambios agrávanse cando aparecen enfermidades oculares ou xerais prevalentes neste grupo de poboación (catarata, glaucoma, dexeneración macular, desprendemento de retina, retinopatía diabética, accidentes vasculares cerebrais, etc.).

Normas xerais para a administración de preparados oftálmicos





- As formas farmacéuticas oftálmicas son preparacións estériles que, durante a súa manipulación, se poden contaminar con facilidade. Por este motivo, é moi importante respectar as normas de conservación e de caducidade establecidas polo fabricante e non compartir un mesmo envase entre varios pacientes nin conservalo para outras ocasións unha vez utilizado.
- A administración débese realizar coa máxima hixiene, lavando as mans antes de aplicalo e evitando o contacto con calquera superficie, incluído o ollo. Despois de cada aplicación, cómpre pechar ben o envase.
- A administración dos colirios farase inclinando a cabeza cara atrás, aplicando o medicamento no saco conxuntival e pechando despois os ollos. En caso de ter que administrar máis dun colirio, recoméndase separar a súa administración 5-10 min entre as aplicacións. Se hai que administrar un colirio e unha pomada oftálmica, débese administrar primeiro o colirio.
- Cada gota de colirio contén 25-50 mcL e o ollo pode reter aproximadamente 10 mcL, polo que é dubidosa a eficiencia de instilar máis dunha gota por ollo. Só deberan prescribirse 2 gotas cando haxa dificultades para a administración, para asegurar que esta se realiza correctamente.
- A administración das pomadas oftálmicas farase aplicando unha cantidade equivalente a un gran de arroz, exercendo unha lixeira masaxe sobre a pálpebra para que o preparado se distribúa uniformemente. Recoméndase usar luvas para estender a pomada, co fin de evitar o risco de autoinoculación ou a transmisión a outras persoas.

Normas xerais para a administración de preparados óticos

- Antes de aplicar un preparado ótico, é imprescindible coñecer o estado da membrana timpánica, xa que, en caso de estar perforada, a medicación pasaría ao oído medio.
- A administración débese realizar coa máxima hixiene, lavando as mans antes de aplicalo e evitando o contacto do extremo do envase coa pel do paciente. Despois de cada aplicación, cómpre pechar ben o envase.
- A medicación débese administrar a temperatura corporal, xa que, pola contra, actuaría como un estímulo térmico sobre o labirinto e provocaría un episodio de vertixe aguda. Para iso, é recomendable atemperar o envase previamente fregándoo entre as mans.
- Para evitar que calquera supuración penetre no conduto auditivo, débese limpar suavemente o pavillón auricular e o meato do conduto auditivo externo cunha gasa impregnada en soro fisiolóxico. A instilación das gotas débese realizar de tal maneira que caian sobre a parede lateral do conduto auditivo externo.



S01 Oftalmolóxicos

